

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### XEFATURA DO ESTADO

**15938** *Lei 38/2011, do 10 de outubro, de reforma da Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal.*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

#### PREÁMBULO

I

A Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal, instaurou non noso país un sistema concursal moderno e unitario, de aplicación tanto a persoas xurídicas como naturais, con independencia de que sexan empresarios e profesionais. Un sistema que se rexe polos principios de unidade legal, de disciplina e de procedemento.

Esta lei representa un importante fito non noso dereito da insolvencia, ao cal incorporou solucións económicas razoables, acompañadas de diversas garantías e da creación, a través da lei orgánica complementaria aprobada xunto a aquela, dunha xurisdición especializada e amplamente reclamada, constituída polos xuíces do mercantil.

Porén, a deterioración da situación económica acentuou determinados aspectos da lexislación que resultaron disfuncionais e puxo de manifesto o incumprimento dun dos propósitos principais da lei, que é a conservación da actividade profesional ou empresarial do concursado. Hoxe por hoxe, a maior parte dos concursos que se tramitan conclúen coa liquidación da empresa, o cesamento de actividades e o despedimento dos traballadores. Realidade que tensiona o sistema legal, ao cal se acode menos e, se é o caso, máis tarde ca noutros países, tendo en conta o estigma que pesa aínda sobre o concurso, como consecuencia dunha concepción histórica e cultural, e sen que se conseguise aumentar o grao de satisfacción dos acredores ordinarios.

O Real decreto lei 3/2009, do 27 de marzo, de medidas urxentes en materia tributaria, financeira e concursal, ante a evolución da situación económica, efectuou unha importante modificación da Lei concursal, tratando de lles dar resposta aos problemas máis urxentes que esta suscitara. A Lei 13/2009, do 3 de novembro, de reforma da lexislación procesual para a implantación da nova oficina xudicial, tamén modificou 49 preceptos da Lei concursal. En calquera caso, estas normas abrían paso a un proceso de reforma máis amplo e ambicioso da lexislación concursal. Para isto se constituíu no Ministerio de Xustiza, no seo da Comisión Xeral de Codificación, unha sección especial composta por todos os sectores implicados: xudicatura, catedráticos, economistas e avogados, coa encarga de abordar as reformas, á cal se lle pediu un esforzo enorme nun período de tempo máis reducido do que adoita ser habitual para este tipo de proxectos. A documentación e o borrador elaborados por esta sección serviron de base á reforma que se contén nesta lei.

II

A reforma da Lei concursal que agora se leva a cabo non é unha reforma radical desta nin supón un xiro copernicano do texto legal vixente, senón que parte do recoñecemento

dos seus principios esenciais, en concreto, a tripla unidade legal, de disciplina e de procedemento, xa sinalada. Isto non impide que a reforma se poida considerar global, pois introduce unha serie de importantes modificacións que pretenden tanto corrixir erros de enfoque detectados na práctica como encher as lagoas da lei. En suma, supón unha actualización integral do noso dereito concursal á vista da curta pero intensa experiencia, e aplicación da Lei de 2003, do dereito comparado e da súa evolución.

A reforma toma como referencia a situación económica actual tanto para a adopción das medidas como para a valoración da súa implementación. Esta lei asume o impulso que se lle veu dando desde o Goberno á avaliación económica das normas, que neste caso resultou prioritaria.

### III

Ante todo, a Lei afonda nas «alternativas» ao concurso ou os denominados institutos preconcursais, ofrecéndolles ás empresas unha solución máis áxil e económica ás súas crises, a través de acordos de refinanciamento.

A lei ocúpase da comunicación formal de que se están iniciando negociacións cos acredores, regula con detalle os deberes das partes que negocian o acordo e, sobre todo, establece a homologación xudicial de tal acordo, que, en consecuencia, e dentro de certos límites, se estende aos acredores disidentes.

Ademais, incorpórase ao noso ordenamento o chamado «privilexio do diñeiro novo». Con estes cambios, perfecciónase a reforma levada a cabo polo Real decreto lei 3/2009, do 27 de marzo.

### IV

A lei pretende, en segundo lugar, que a solución da insolvencia non se atrase no tempo, algo que non fai senón prexudicar o concursado e os seus acredores ao minorar o valor dos seus bens de cuxa realización depende o seu cobramento, eliminar posibilidades de garantir a súa viabilidade e aumentar os custos. Para iso, simplifícase e axilízase o procedemento concursal, favorecendo a anticipación da liquidación, impulsando e regulando un verdadeiro procedemento abreviado e ofrecendo solucións específicas na fase común e no convenio.

A anticipación da liquidación representa unha importante novidade: estrutúrase de maneira distinta a apertura da fase de liquidación do concurso, o que fai innecesaria a distinción entre liquidación ordinaria e liquidación anticipada e permite tramitar de maneira máis rápida aqueles concursos en que o debedor solicite a liquidación nos primeiros momentos.

A lei detense na regulación dun verdadeiro concurso abreviado e ofrece solucións máis rápidas e económicas cando concorran determinadas circunstancias que a experiencia destes anos de aplicación da Lei concursal permitiu constatar, tales como a situación da empresa en crise, o número de traballadores, as negociacións que a empresa puiden ter iniciado para a súa venda ou a modificación estrutural da sociedade debedora.

En fin, a solución rápida e económica do concurso trata de conseguirse ofrecéndolle ao debedor o incentivo consistente en non formar a sección de cualificación se alcanza cos seus acredores un convenio anticipado, sempre que non sexa especialmente gravoso.

Por outro lado, as modificacións procesuais alcanzan tamén o incidente concursal, que restrinxe aínda máis a posibilidade de que teña lugar unha vista, como reflexo da opción preferente dunha tramitación escrita máis rápida.

Xunto co anterior, a lei mellora tamén o réxime da publicidade rexistral do concurso, que se incrementa notablemente, e do Rexistro Público Concursal, que a diferenza da norma ata agora vixente e o seu desenvolvemento regulamentario se configura en maior medida como un instrumento de publicidade dos concursos e, con iso, da súa transparencia e de garantía para todos os suxeitos que se poidan ver afectados.

## V

Outro dos vectores da reforma é o que pretende favorecer a solución conservativa do concurso. Así se plasma no reforzamento da posibilidade de realizar modificacións estruturais durante o concurso de acredores.

A igual propósito responde a consideración expresa de que os créditos nacidos logo da aprobación xudicial do convenio deben ser, en caso de apertura posterior da fase de liquidación, créditos contra a masa. Trátase con iso de favorecer a concesión de crédito a unha empresa en fase de convenio e tamén como mecanismo protector dese «diñeiro novo» que contribúe á continuidade da súa actividade.

O mesmo fin se manifesta tamén na posibilidade de adquisición de créditos concursais, suprimindo a prohibición de voto, aínda que só cando o adquirente sexa unha entidade sometida a supervisión financeira.

## VI

As consecuencias que sobre o emprego teñen os concursos exigen que esta reforma non esqueza as cuestións sociais latentes e opere unha mellora notable da protección dos traballadores afectados. Para iso, a lei ten especialmente en conta a última reforma laboral, reiterando así un elemento interpretativo básico da Lei concursal como é que no auxizamento das cuestións laborais sometidas ao proceso concursal se deben ter en conta de xeito prioritario os principios inspiradores da rama social do dereito. A este respecto, introdúcese as modificacións precisas no procedemento do artigo 64 da Lei concursal para evitar tanto conflitos coa xurisdición social e a autoridade laboral como para incrementar o peso da valoración do seu impacto sobre os traballadores que se deberá facer no concurso. Con iso trátanse de encher as lagoas de que adoeecía ese procedemento, introducindo a necesaria coordinación coa última reforma laboral efectuada pola Lei 35/2010, do 17 de setembro, de medidas urxentes para a reforma do mercado de traballo, en especial en relación cos expedientes de suspensión e redución temporal da xornada ordinaria diaria de traballo. Resólvense tamén as dúbidas xurídicas formuladas arredor da cualificación como créditos contra a masa dos créditos salariais e indemnizacións en caso de despedimento ou extinción da relación laboral.

Así mesmo, incorpórase a regulación expresa en sede concursal da subrogación legal do Fondo de Garantía Salarial nos créditos salariais e indemnizacións cuxo pagamento anticipe aos traballadores por conta do empresario no marco do disposto no citado artigo 33 do Estatuto dos traballadores.

## VII

Por outra parte, a lei é consciente da importancia do papel que desempeñan neste ámbito os administradores concursais e busca unha maior profesionalización, ao mesmo tempo que realza as súas funcións e a súa responsabilidade. Pódese destacar, así, a potenciación que se efectúa das funcións da administración concursal e o reforzo dos requisitos para ser nomeado administrador concursal, permitindo unha mellor valoración polo xuíz do concurso da experiencia e formación específica para o desempeño do cargo. Nesta liña sitúanse dúas medidas fundamentais da lei. A primeira é a extensión dos supostos en que a administración concursal está integrada por un único membro, que non serán unicamente os concursos abreviados, o cal ten unha repercusión clara no funcionamento da administración, na súa toma de decisións, así como no aforro de custos que comportará. Con esta decisión, a administración concursal adopta o modelo estendido en todos os países do noso contorno económico e que resulta o máis adecuado ao sistema de funcionamento e organización dos profesionais que se dedican a esta función, evitando as distorsións que se veñen detectando ata agora, derivadas en moitas ocasións da desigual participación dos diferentes membros da administración concursal. E a segunda é o recoñecemento da persoa xurídica como administrador concursal, canto a que algunhas das súas formas, como é a sociedade profesional, favorecen o exercicio

desta función por unha pluralidade de profesionais que contén coa necesaria formación e experiencia. Estas dúas medidas tan fundamentais para a configuración da administración concursal combínanse, non obstante, coa previsión de que nos concursos de especial transcendencia, que a lei define, teña tamén presenza un acredor significativo, condición que pode asumir tamén a representación dos traballadores, ao cal se engade a posibilidade de designar en calidade de acredor unha Administración en calquera suposto en que concorra unha causa de interese público.

#### VIII

A lei pretende igualmente precisar o réxime xurídico dalgúns aspectos concretos do concurso. Así sucede en primeiro lugar coa regulación da responsabilidade dos administradores das sociedades mercantís durante o concurso, tratando de harmonizar os diferentes sistemas de responsabilidade de administradores que poden convivir durante a súa tramitación: a responsabilidade por danos á sociedade, que agora deberá ser exixida necesariamente pola administración concursal, e a denominada responsabilidade concursal polo déficit da liquidación, que se mantén, aínda que con importantes precisións no seu réxime xurídico que tratan de resolver os principais problemas que a aplicación suscitou nos nosos tribunais.

Á vista da práctica acumulada, tamén se reforza o réxime dos concursos conexos, en relación sobre todo cos grupos de sociedades. A este respecto establécese un novo capítulo III dentro do título I –por entender que ten substantividade suficiente para merecer un capítulo propio–, co nome de concursos conexos, que regula unha mesma cuestión, a acumulación de concursos de varios debedores, que se pode producir mediante unha solicitude de declaración conxunta ou mediante a acumulación de concursos xa declarados.

Tamén merece destacarse a fixación dunha orde de pagamento dos créditos contra a masa en caso de que resulte insuficiente a masa activa, o que conecta directamente cunha regulación máis detallada da insuficiencia da masa (concursos sen masa), que a experiencia demostrou que constitúe unha forma estendida de conclusión do concurso.

#### IX

As disposicións derradeiras da Lei concursal tamén foron obxecto de determinados axustes. É o caso do Código de comercio, cuxo punto 2.º do artigo 13 recupera a redacción que tiña antes da aprobación da Lei concursal, respecto á incompatibilidade para exercer o comercio, suavizando o rigor actual.

Introdúcese unha nova disposición adicional segunda bis na Lei concursal, que prevé un réxime especial aplicable a entidades deportivas, que trata de evitar interferencias indesexables nas competicións deportivas en que poidan participar.

Ben que a normativa concursal presenta como elemento inspirador e como fin do concurso a supervivencia e o mantemento da actividade do debedor concursado, esta modificación responde a que o deporte profesional presenta características singulares, o que levou a consagrar a especificidade desta actividade no Tratado de Lisboa e xustifica que a lexislación deportiva estatal someta este sector a unha regulación acorde coas súas especialidades. Neste sentido, o incumprimento das «reglas de xogo» exixibles para poder participar en certas competicións deportivas por parte das entidades concursadas compromete a competición no seu conxunto e os potenciais competidores.

Con esta reforma trátase de aclarar, ante a disparidade de criterio dos órganos xurisdiccionais en determinados concursos de entidades deportivas, que a suxeición á Lei concursal non impedirá a aplicación da normativa deportiva que regula a competición, evitando que se poida inaplicar e deixar sen efecto esa normativa. Efectivamente, o acceso e participación nunha competición deportiva de carácter profesional depende dos resultados deportivos, pero tamén exige cumprir, entre outros, con determinados criterios de tipo económico que garantan que quen participa na competición está en condicións de facer fronte aos compromisos e obrigas económicas que se exixen para tomar parte nela,

pois iso exige realizar importantes investimentos. Así mesmo, débese ter presente que o incumprimento das obrigas asumidas neste contexto por unha entidade deportiva desvirtúa e desnaturaliza a competición e o singular marco de competencia establecido polas normas deportivas. O principio que caracteriza e define a competición deportiva é o da paridade dos competidores, en virtude da cal todos os participantes deben facelo en condicións de igualdade, que deben respectar tamén as entidades deportivas que se encontren en situación concursal. Porque esa igualdade se creba cando un competidor que cumpre cos requisitos establecidos polo organizador compite, en desvantaxe, con quen non atende as obrigas económicas e doutra índole establecidas e busca aproveitarse de ser declarado en concurso para non ter que respectar os mesmos requisitos que os demais participantes.

En definitiva, con esta reforma preténdense evitar as distorsións que poden suscitar tanto a aplicación dunha lóxica exclusivamente económica ás actividades deportivas, como a preterición absoluta de lexislación que regula a participación en competicións deportivas, evitando así o uso indesexado ou abusivo de certos instrumentos previstos na Lei concursal, garantindo a estabilidade e igualdade nas competicións deportivas.

Tamén se reforma o artigo 164 da Lei xeral tributaria para coordinar a actuación da Administración tributaria en caso de concurso. Así mesmo, procédese a modificar a Lei do imposto sobre o valor engadido co obxectivo de que o alleamento de bens inmobles, realizado tanto na fase común ou como consecuencia da fase de liquidación do concurso, sexa liquidado para os efectos dese tributo polo seu adquirente, aplicando o mecanismo de inversión do suxeito pasivo.

X

En definitiva, esta lei achégalle ao instituto do concurso unha maior seguridade xurídica, unha apertura de novas vías alternativas que buscan o equilibrio entre a viabilidade da empresa e a necesaria garantía xudicial, o impulso dos medios electrónicos, así como a simplificación e a axilización procesual, sen esquecer efectuar unha notable mellora da posición dos traballadores. Con iso trátase de normalizar o papel do concurso co que cumpre nos países do noso contorno, pondo fin ao estigma que ata agora o lastrou e que se constituía como un instrumento ao servizo da viabilidade e dinamización do noso tecido empresarial.

Artigo único. *Modificación da Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal.*

Un. Engádesse un novo artigo 5 bis, coa seguinte redacción:

«Artigo 5 bis. *Comunicación de negociacións e efectos sobre o deber de solicitude de concurso.*

1. O debedor poderá pór en coñecemento do xulgado competente para a declaración do seu concurso que iniciou negociacións para alcanzar un acordo de refinanciamento ou para obter adhesións a unha proposta anticipada de convenio nos termos previstos nesta lei.

2. Esta comunicación poderase formular en calquera momento antes do vencemento do prazo establecido no artigo 5. Formulada a comunicación antes dese momento, non será exigible o deber de solicitar a declaración de concurso voluntario.

3. O secretario xudicial, sen máis trámite, procederá a deixar constancia da comunicación presentada polo debedor.

4. Transcorridos tres meses da comunicación ao xulgado, o debedor, alcanzase ou non un acordo de refinanciamento ou as adhesións necesarias para a admisión a trámite dunha proposta anticipada de convenio, deberá solicitar a declaración de concurso dentro do mes hábil seguinte, non sendo que non se encontrase en estado de insolvencia.»

Dous. Modifícanse os puntos 4.º e 5.º do artigo 6.2, que pasan a ter a seguinte redacción:

«4.º Relación de acredores, por orde alfabética, con expresión da identidade, domicilio e enderezo electrónico de cada un deles, así como da contía e do vencemento dos respectivos créditos e das garantías persoais ou reais constituídas. Se algún acredor reclamase xudicialmente o pagamento, identificarase o procedemento correspondente e indicárase o estado das actuacións.

5.º O cadro de traballadores, de ser o caso, e a identidade do órgano de representación destes, se o houber.»

Tres. Modifícase o parágrafo primeiro do artigo 7.1, que queda redactado do seguinte teor:

«1. O acredor que inste a declaración de concurso deberá expresar na solicitude o título ou feito en que de acordo co artigo 2.4 funda a súa solicitude, así como a orixe, natureza, importe, datas de adquisición e vencemento e situación actual do crédito, do cal xuntará documento acreditativo.»

Catro. Engádeselle un parágrafo final ao punto 2.º e o punto 7.º do artigo 8 pasa a ter a seguinte redacción:

«Por suspensión colectiva enténdense as previstas no artigo 47 do Estatuto dos traballadores, incluída a redución temporal da xornada ordinaria diaria de traballo.»

«7.º As accións de responsabilidade contra os administradores ou liquidadores, de dereito ou de feito, e contra os auditores polos danos e perdas causados, antes ou despois da declaración xudicial de concurso, á persoa xurídica concursada.»

Cinco. Engádeselle un novo punto para unha nova redacción ao punto 6.º do artigo 8:

«6.º As accións de reclamación de débedas sociais interpostas contra os socios subsidiariamente responsables dos créditos da sociedade debedora, calquera que sexa a data en que se contraese, e as accións para lles exixir aos socios da sociedade debedora o desembolso das achegas sociais diferidas ou o cumprimento das prestacións accesorias.»

Seis. Modifícase a redacción do parágrafo actual do artigo 9, que se numera como número 1, e engádesse un novo punto segundo coa seguinte redacción:

«1. A xurisdición do xuíz esténdese a todas as cuestións prexudiciais civís, con excepción das excluídas no artigo 8, as administrativas ou as sociais directamente relacionadas co concurso ou cuxa resolución sexa necesaria para o bo desenvolvemento do procedemento concursal.

2. A decisión sobre as cuestións a que se refire o número anterior non producirán efecto fóra do proceso concursal en que se produza.»

Sete. Suprímese o número 4 do artigo 10 e o número 5 reenumérase como 4:

«4. O xuíz examinará de oficio a súa competencia e determinará se esta se basea no número 1 ou no número 3 deste artigo.»

Oito. O parágrafo primeiro do artigo 13.2 pasa a ter a seguinte redacción:

«2. Se o xuíz estimar que a solicitude ou a documentación que a acompaña adocenc dalgún defecto procesual ou material ou que esta é insuficiente, sinalaralle ao solicitante un único prazo de xustificación ou emenda, que non poderá exceder os cinco días.»



Nove. Suprímese o número 2 do artigo 14 e o actual número 3 pasa a ser o 2:

«2. Contra o auto desestimatorio da solicitude de concurso só caberá recurso de reposición.»

Dez. O artigo 15 pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 15. *Provisión sobre a solicitude doutro lexitimado e acumulación de solicitudes.*

1. Cando a solicitude for presentada por un acredor e se fundar nun embargo ou nunha investigación de patrimonio infrutuosos ou que dese lugar a unha declaración administrativa ou xudicial de insolvencia, o xuíz ditará auto de declaración de concurso o primeiro día hábil seguinte.

O debedor e os demais interesados poderán interpor fronte a este auto os recursos previstos no artigo 20.

2. Cando a solicitude for presentada por calquera lexitimado distinto ao debedor e por un feito distinto do previsto no número anterior, o xuíz ditará auto en que a admitirá a trámite e ordenará o emprazamento do debedor conforme o previsto no artigo 184, con traslado da solicitude, para que compareza no prazo de cinco días, dentro do cal se lle porán de manifesto os autos e poderá formular oposición á solicitude e propor os medios de proba de que intente valerse.

Admitida a trámite a solicitude, as que se presenten con posterioridade acumularanse á primeiramente repartida e uniranse aos autos, e os novos solicitantes daranse por comparecidos sen retrotraer as actuacións.

3. Unha vez realizada a comunicación prevista no artigo 5 bis e mentres non transcorra o prazo de tres meses previsto no dito precepto, non se admitirán solicitudes de concurso por instancia doutros lexitimados distintos do debedor.

As solicitudes que se presenten con posterioridade só se proverán cando vencese o prazo dun mes hábil previsto no citado artigo se o debedor non tivese presentado solicitude de concurso. Se o debedor presenta solicitude de concurso no citado prazo, tramitarase en primeiro lugar conforme o artigo 14. Declarado o concurso, as solicitudes presentadas previamente e as que se presenten con posterioridade uniranse aos autos, e os solicitantes daranse por comparecidos.»

Once. O artigo 16 queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 16. *Formación da sección primeira.*

Declarado o concurso ou admitida a trámite a solicitude da declaración, segundo os casos, o xuíz ordenará a formación da sección primeira, que se encabezarán coa solicitude.»

Doce. Engádeselle un novo número 3 ao artigo 18, que queda redactado da seguinte forma:

«3. Formulada oposición polo debedor, o secretario xudicial, o día seguinte, citará as partes á vista, que terá lugar no prazo de tres días, e previraas para que comparezan a ela con todos os medios de proba que se poidan practicar no acto e, se o debedor estiver obrigado legalmente a levar a contabilidade, advertirao de que compareza cos libros contables que cómpre levar obrigadamente.»

Trece. O número 4 do artigo 20 queda redactado da seguinte forma:

«4. O prazo para interpor o recurso de reposición e o recurso de apelación contará, respecto das partes que comparecesen, desde a notificación do auto, e, respecto dos demais lexitimados, desde a publicación do extracto da declaración de concurso no «Boletín Oficial del Estado».»

Catorce. O punto 1.º do número 1 e o número 4 do artigo 21 pasan a ter a seguinte redacción:

«1.º O carácter necesario ou voluntario do concurso, con indicación, se é o caso, de que o debedor solicitou a liquidación ou presentou proposta anticipada de convenio.»

«4. A administración concursal realizará sen demora unha comunicación individualizada a cada un dos acredores cuxa identidade e domicilio consten na documentación dos autos e informará da declaración de concurso e do deber de comunicar os créditos na forma establecida pola lei.

A comunicación efectuarase por medios telemáticos, informáticos ou electrónicos cando conste o enderezo electrónico do acredor.

A comunicación dirixirase por medios electrónicos á Axencia Estatal da Administración Tributaria e á Tesouraría Xeral da Seguridade Social a través dos medios que estas habiliten nas súas respectivas sedes electrónicas, conste ou non a súa condición de acredores. Igualmente se comunicará á representación dos traballadores, se a houber, facéndolles saber do seu dereito a comparecer no procedemento como parte.»

Quince. O parágrafo 2 do artigo 22.1 queda redactado do seguinte xeito:

«Para os efectos deste artigo, a solicitude do debedor realizada conforme o artigo 5 bis entenderase presentada o día en que se formulou a comunicación prevista nese artigo.»

Dezaseis. O parágrafo 2 do artigo 23.1 pasa a ter a seguinte redacción:

«O extracto da declaración de concurso publicarase, coa maior urxencia e de forma gratuíta, no “Boletín Oficial del Estado” e conterá unicamente os datos indispensables para a identificación do concursado, incluíndo o seu número de identificación fiscal, o xulgado competente, o número de autos e o número de identificación xeral do procedemento, a data do auto de declaración de concurso, o prazo establecido para a comunicación dos créditos, a identidade dos administradores concursais, o domicilio postal e o enderezo electrónico sinalados para que os acredores, á súa elección, efectúen a comunicación de créditos de conformidade co artigo 85, o réxime de suspensión ou intervención de facultades do concursado e o enderezo electrónico do Rexistro Público Concursal onde se publicarán as resolucións que traian causa do concurso.»

Dezasete. O artigo 24 queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 24. *Publicidade rexistral.*

1. Se o debedor for persoa natural, inscribíranse, preferentemente por medios telemáticos, no Rexistro Civil a declaración de concurso, con indicación da súa data, a intervención ou, se é o caso, a suspensión das súas facultades de administración e disposición, así como o nomeamento dos administradores concursais.

2. Se o debedor for suxeito inscribible no Rexistro Mercantil, serán obxecto de inscrición na folla aberta á entidade, preferentemente por medios telemáticos, os autos e sentenzas de declaración e reapertura do concurso voluntario ou necesario, de apertura da fase de convenio, de aprobación de convenio, a apertura da fase de liquidación, a aprobación do plan de liquidación, a conclusión do concurso e a resolución da impugnación do auto de conclusión, a formación da peza de cualificación e a sentenza de cualificación do concurso como culpable, así como cantas resolucións ditadas en materia de intervención ou suspensión das facultades de administración e disposición do concursado sobre os bens e dereitos que



integran a masa activa. Cando non constase folla aberta á entidade, practicarase previamente a inscrición no rexistro.

3. De se tratar de persoas xurídicas non inscristibles no Rexistro Mercantil e que consten noutro rexistro público, o secretario xudicial mandará inscribir ou anotar, preferentemente por medios telemáticos, neste as mesmas circunstancias sinaladas no número anterior.

4. Se o debedor tiver bens ou dereitos inscritos en rexistros públicos, inscribiranse no folio correspondente a cada un deles a declaración de concurso, con indicación da súa data, a intervención ou, de ser o caso, a suspensión das súas facultades de administración e disposición, así como o nomeamento dos administradores concursais.

Practicada a anotación preventiva ou a inscrición, non se poderán anotar respecto daqueles bens ou dereitos máis embargos ou secuestros posteriores á declaración de concurso que os acordados polo xuíz deste, salvo o establecido no artigo 55.1.

5. Os asentos a que se refiren os números anteriores practicaranse en virtude de mandamento librado polo secretario xudicial. No mandamento expresarse se a correspondente resolución é firme ou non. En todo caso, as anotacións preventivas que se deban realizar nos rexistros públicos de persoas ou de bens por falta de firmeza da resolución caducarán aos catro anos desde a data da anotación mesma e cancelaranse de oficio ou por instancia de calquera interesado. O secretario xudicial poderá decretar a súa prórroga por catro anos máis.

6. O traslado da documentación necesaria para a práctica dos asentos realizarase preferentemente por vía telemática desde o xulgado aos rexistros correspondentes.

Excepcionalmente, e se o previsto no parágrafo anterior non for posible, os oficios cos edictos seranlle entregados ao procurador do solicitante do concurso, cos mandamentos necesarios para a práctica inmediata dos asentos rexistrais previstos neste artigo.

Se o solicitante do concurso for unha Administración pública que actuase representada e defendida polos seus servizos xurídicos, o traslado de oficio realizarao directamente o xulgado aos correspondentes rexistros.

7. Regulamentariamente poderán establecerse mecanismos de coordinación entre os diversos rexistros públicos en que, consonte o previsto nos números anteriores, se deberán facer constar o auto de declaración e as demais vicisitudes de concurso.»

Dezaioito. Engádesse un novo capítulo, o III, ao título I, que modifica o artigo 25 e engade os novos artigos 25 bis e 25 ter:

### «CAPÍTULO III

#### **Dos concursos conexos**

Artigo 25. *Declaración conxunta de concurso de varios debedores.*

1. Poderán solicitar a declaración xudicial conxunta de concurso aqueles debedores que sexan cónxuxes ou que sexan administradores, socios, membros ou integrantes persoalmente responsables das débedas dunha mesma persoa xurídica, así como cando formen parte do mesmo grupo de sociedades.

2. O acreedor poderá solicitar a declaración xudicial conxunta de concurso de varios dos seus debedores cando sexan cónxuxes, exista entre eles confusión de patrimonios ou formen parte do mesmo grupo de sociedades.

3. O xuíz poderá declarar o concurso conxunto de dúas persoas que sexan parella de feito inscrita, por solicitude dos membros da parella ou dun acreedor, cando aprecie a existencia de pactos expresos ou tácitos ou de feitos concluíntes

de que derive a inequívoca vontade dos conviventes de formar un patrimonio común.

4. Será xuíz competente para a declaración conxunta de concurso o do lugar onde teña o centro dos seus intereses principais o debedor con maior pasivo e, se se trata dun grupo de sociedades, o da sociedade dominante ou, en supostos en que o concurso non se solicite respecto desta, o da sociedade de maior pasivo.

Artigo 25 bis. *Acumulación de concursos.*

1. Calquera dos concursados ou calquera das administracións concursais poderá solicitarlle ao xuíz, mediante escrito razoado, a acumulación dos concursos xa declarados seguintes:

- 1.º De quen forme parte dun grupo de sociedades.
- 2.º De quen tiver os seus patrimonios confundidos.
- 3.º Dos administradores, socios, membros ou integrantes persoalmente responsables das débedas da persoa xurídica.
- 4.º De quen sexa membro ou integrante dunha entidade sen personalidade xurídica e responda persoalmente das débedas contraídas no tráfico en nome desta.
- 5.º Dos cónxuxes.
- 6.º Da parella de feito inscrita, cando concorran algunhas das circunstancias previstas no artigo 25.3.

2. En defecto de solicitude por calquera dos concursados ou pola administración concursal, a acumulación poderá ser solicitada por calquera dos acredores mediante escrito razoado.

3. A acumulación procederá aínda que os concursos fosen declarados por diferentes xulgados. Nese caso, a competencia para a tramitación dos concursos acumulados corresponderalle ao xuíz que estiver coñecendo do concurso do debedor con maior pasivo no momento da presentación da solicitude de concurso ou, de ser o caso, do concurso da sociedade dominante ou cando esta non fose declarada en concurso, o que primeiro tiver coñecido do concurso de calquera das sociedades do grupo.

Artigo 25 ter. *Tramitación coordinada dos concursos.*

1. Os concursos declarados conxuntamente e acumulados tramitaranse de forma coordinada, sen consolidación das masas.

2. Excepcionalmente, poderanse consolidar inventarios e listas de acredores para os efectos de elaborar o informe da administración concursal cando exista confusión de patrimonios e non sexa posible deslindar a titularidade de activos e pasivos sen incorrer nun gasto ou nunha demora inxustificadas.»

Dezanove. Modifícase o artigo 27 e engádese un novo artigo 27 bis coa seguinte redacción:

«Artigo 27. *Condicións subxectivas para o nomeamento de administradores concursais.*

1. A administración concursal estará integrada por un único membro, que deberá reunir algunha das seguintes condicións:

1.º Ser avogado en exercicio con cinco anos de experiencia profesional efectiva no exercicio da avogacía, que teña acreditado formación especializada en dereito concursal.

2.º Ser economista, titulado mercantil ou auditor de contas con cinco anos de experiencia profesional, con especialización demostrable no ámbito concursal.

Tamén se poderá designar unha persoa xurídica en que se integre, cando menos, un avogado en exercicio e un economista, titulado mercantil ou auditor de contas, e que garanta a debida independencia e dedicación no desenvolvemento das funcións de administración concursal.

2. Como excepción ao disposto no número 1:

1.º En caso de concurso dunha entidade emisora de valores ou instrumentos derivados que se negocien nun mercado secundario oficial, dunha entidade encargada de rexer a negociación, compensación ou liquidación deses valores ou instrumentos, ou dunha empresa de servizos de investimento, será nomeado administrador concursal un membro do persoal técnico da Comisión Nacional do Mercado de Valores ou outra persoa proposta por esta coa cualificación do punto 2.º do número anterior; para este efecto, a Comisión Nacional do Mercado de Valores comunicarlle ao xuíz a identidade daquela.

2.º En caso de concurso dunha entidade de crédito ou dunha entidade aseguradora, o xuíz nomeará o administrador concursal de entre os propostos, respectivamente, polo Fondo de Garantía de Depósitos e o Consorcio de Compensación de Seguros.

3.º En caso de concursos ordinarios de especial transcendencia, o xuíz nomeará, ademais do administrador concursal previsto no número 1 deste artigo, un administrador concursal acreedor titular de créditos ordinarios ou con privilexio xeral non garantido de entre os que figuren no primeiro terzo de maior importe.

Para estes efectos, cando o conxunto das débedas cos traballadores polos créditos sinalados no parágrafo anterior estiver incluído no primeiro terzo de maior importe, o xuíz poderá nomear como administrador acreedor a representación legal dos traballadores, se a houber, que deberá designar un profesional que reúna a condición de economista, titulado mercantil, auditor de contas ou avogado, que quedará sometido ao mesmo réxime de incapacidades, incompatibilidades, prohibicións, remuneración e responsabilidade que os demais membros da administración concursal.

O primeiro administrador concursal designado será o que desempeñe a representación da administración concursal fronte a terceiros nos termos previstos nesta lei para os supostos de administración concursal única.

Cando o acreedor designado sexa unha Administración pública ou unha entidade de dereito público vinculada ou dependente dela, a designación do profesional poderá recaer en calquera empregado público con titulación universitaria, de graduado ou licenciado en ámbitos pertencentes ás ciencias xurídicas ou económicas, e o seu réxime de responsabilidade será o específico da lexislación administrativa.

3. Nos decanatos dos xulgados competentes existirá unha lista integrada polos profesionais e as persoas xurídicas que puxesen de manifesto a súa dispoñibilidade para o desempeño de tal función, a súa formación en materia concursal e, en todo caso, o seu compromiso de continuidade na formación nesta materia.

Para tal efecto, o Rexistro Oficial de Auditores de Contas e os correspondentes colexios profesionais presentarán, no mes de decembro de cada ano, para a súa utilización desde o primeiro día do ano seguinte, as respectivas listaxes de persoas dispoñibles, incluídas as persoas xurídicas. Os profesionais cuxa colexiación non resulte obrigatoria poderán solicitar, de forma gratuíta, a súa inclusión na lista nese mesmo período xustificando documentalmente a formación recibida e a dispoñibilidade para ser designados. Igualmente as persoas xurídicas recollidas no inciso final do número 1 deste artigo poderán solicitar a súa inclusión, indicando os profesionais que as integran e, salvo que xa figurasen nas listas, a súa formación e dispoñibilidade.

As persoas implicadas poderán solicitar a inclusión na lista da súa experiencia como administradores concursais ou auxiliares delegados noutros concursos, así como doutros coñecementos ou formación especiais que poidan ser relevantes para os efectos da súa función.

4. Os administradores concursais profesionais nomearao ou xuíz procurando unha distribución equitativa de designacións entre os incluídos nas listas que existan.

Non obstante, o xuíz:

1.º Poderá, apreciándoo razoadamente, designar uns concretos administradores concursais cando o previsible desenvolvemento do proceso exixa unha experiencia ou uns coñecementos ou formación especiais, como os vinculados a asegurar a continuidade da actividade empresarial ou que se poidan deducir da complexidade do concurso.

2.º Para concursos ordinarios deberá designar aqueles que acrediten a súa participación como administradores ou auxiliares delegados noutros concursos ordinarios ou, cando menos, tres concursos abreviados, salvo que o xuíz considere, de maneira motivada, idónea a formación e experiencia dos que designe en atención ás características concretas do concurso.

5. Nos supostos de concursos conexos, o xuíz competente para a tramitación deles poderá nomear, na medida en que iso resulte posible, unha administración concursal única e designar auxiliares delegados.

En caso de acumulación de concursos xa declarados, o nomeamento poderá recaer nunha das administracións concursais xa existentes.

6. Calquera interesado poderá presentarlle ao decanato as queixas sobre o funcionamento ou requisitos da lista oficial ou outras cuestións ou irregularidades das persoas inscritas con carácter previo ao seu nomeamento, de acordo co previsto no artigo 168 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial.»

«Artigo 27 bis. *Concursos de especial transcendencia para os efectos de designación da administración concursal.*

Logo da decisión motivada do xuíz competente para declarar o concurso, consideraranse concursos de especial transcendencia aqueles en que conorra un dos seguintes supostos:

1.º Que a cifra de negocio anual do concursado fose de cen millóns de euros ou superior en calquera dos tres exercicios anteriores a aquel en que sexa declarado o concurso.

2.º Que o importe da masa pasiva declarada polo concursado sexa superior a cen millóns de euros.

3.º Que o número de acredores manifestado polo concursado sexa superior a mil.

4.º Que o número de traballadores sexa superior a cen ou o fose nalgún dos tres exercicios anteriores á declaración do concurso.

En todo caso, o xuíz do concurso, de oficio ou por instancia dun acredor de carácter público ou da administración concursal, naqueles concursos en que exista unha causa de interese público que así o xustifique e mesmo cando non concorran os supostos mencionados neste artigo, poderá nomear como administrador concursal acredor unha Administración pública ou unha entidade de dereito público vinculada ou dependente dela.»

Vinte. Os números 2, 3, 4 e 6 do artigo 28 pasan a ter a seguinte redacción:

«2. No caso de que existan suficientes persoas dispoñibles na listaxe correspondente, non poderán ser nomeados administradores concursais os

avogados, auditores, economistas ou titulados mercantís que tivesen sido designados para ese cargo polo mesmo xulgado en tres concursos dentro dos dous anos anteriores. Para estes efectos, os nomeamentos efectuados en concursos de sociedades pertencentes ao mesmo grupo de empresas computaranse como un só. Esta limitación non se aplicará no caso das persoas xurídicas recollidas no inciso final do artigo 27.1.

Tampouco poderá ser nomeado administrador concursal, nin designado pola persoa xurídica cando se nomease esta como administrador concursal, quen tivese sido separado deste cargo dentro dos dous anos anteriores, nin quen se encontre inhabilitado, conforme o artigo 181, por sentenza firme de desaprobación de contas en concurso anterior.

3. Aplicaranse aos representantes da Comisión Nacional do Mercado de Valores, dos fondos de garantía de depósitos e do Consorcio de Compensación de Seguros as normas contidas neste artigo, con excepción das prohibicións por razón de cargo e das establecidas no artigo 93.2.2.º

4. Salvo para as persoas xurídicas recollidas no inciso final do artigo 27.1, non poderán ser nomeados administradores concursais nun mesmo concurso os que estean entre si vinculados persoal ou profesionalmente. Para apreciar a vinculación persoal aplicaranse as regras establecidas no artigo 93.

Entenderase que están vinculadas profesionalmente as persoas entre as cales existan, ou tivesen existido nos dous anos anteriores á solicitude do concurso, de feito ou de dereito, relacións de prestación de servizos, de colaboración ou de dependencia, calquera que sexa o título xurídico que se poida atribuír ás ditas relacións.»

«6. Non poderá ser nomeado administrador concursal quen, como experto independente, emitise o informe a que se refire o punto 2.º do artigo 71.6 desta lei en relación cun acordo de refinanciamento que alcanzase o debedor antes da súa declaración de concurso.»

Vinte e un. Modifícanse os números 1 e 2, engádense novos números 4 e 6 ao artigo 29 e o actual número 4 pasa a ser o 5, que tamén se reforma:

«1. O nomeamento de administrador concursal seralle comunicado ao designado polo medio máis rápido. Dentro dos cinco días seguintes ao de recepción da comunicación, o designado deberá comparecer ante o xulgado para acreditar que ten subscrito un seguro de responsabilidade civil ou garantía equivalente proporcional á natureza e ao alcance do risco cuberto nos termos que se desenvolven regulamentariamente, para responder dos posibles danos no exercicio da súa función e manifestar se acepta ou non a encarga. Cando o administrador concursal sexa unha persoa xurídica, recaerá sobre esta a exigencia de subscrición do seguro de responsabilidade civil ou garantía equivalente.

De concorrer no administrador concursal algunha causa de recusación, estará obrigado a manifestala. Aceptado o cargo, o secretario xudicial expedirá e entregarlle ao designado un documento acreditativo da súa condición de administrador concursal.

Ese documento acreditativo deberá ser devolto ao xulgado no momento en que se produza o cesamento por calquera causa do administrador concursal.

2. Se o designado non comparecer, non tiver subscrito un seguro de responsabilidade civil ou garantía equivalente suficiente ou non aceptar o cargo, o xuíz procederá de inmediato a un novo nomeamento. Quen sen xusta causa non comparecer, non tiver seguro subscrito ou non aceptar o cargo, non poderá ser designado administrador nos procedementos concursais que se poidan seguir no mesmo partido xudicial durante un prazo de tres anos.»

«4. Ao aceptar o cargo, o administrador concursal deberalle facilitar ao xulgado os enderezos postal e electrónico en que efectuar a comunicación de créditos, así como calquera outra notificación.

5. Non será necesaria a aceptación cando, en aplicación do artigo 27, o nomeamento recaia en persoal técnico da Comisión Nacional do Mercado de Valores, nun fondo de garantía de depósitos ou no Consorcio de Compensación de Seguros. Non obstante, dentro do prazo dos cinco días seguintes ao da recepción da designación, deberanlle facilitar ao xulgado os enderezos postal e electrónico en que efectuar a comunicación de créditos, así como calquera outra notificación.

6. O enderezo electrónico que se sinale deberá cumprir as condicións técnicas de seguridade das comunicacións electrónicas no relativo á constancia da transmisión e recepción, das súas datas e do contido íntegro das comunicacións.»

Vinte e dous. Engádeselle un segundo parágrafo ao artigo 30.1:

«Cando a administración concursal corresponda a unha persoa xurídica nos termos previstos no inciso final do artigo 27.1, comunicará a identidade da persoa natural que reúna algunha das condicións profesionais dos puntos 1.º e 2.º do punto citado, que a representarán no exercicio do cargo.»

Vinte e tres. Modifícase o artigo 31, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 31. *Especialidades da aceptación.*

Ao aceptar o cargo, o administrador concursal deberá sinalar un despacho ou oficina para o exercicio do seu cargo nalgunha localidade do ámbito de competencia territorial do xulgado.»

Vinte e catro. Engádese un segundo parágrafo novo ao artigo 32.1, cuxa redacción será a seguinte:

«Cando exista un único administrador concursal, salvo nos supostos das persoas xurídicas recollidas no inciso final do artigo 27.1, o xuíz, cando o considere en atención ás circunstancias concretas, poderá designar, logo da audiencia ao administrador concursal, un auxiliar delegado que desempeñe a condición profesional que non teña aquel e no cal poderá delegar as súas funcións conforme o parágrafo anterior.

O nomeamento de, polo menos, un auxiliar delegado será obrigatorio:

- 1.º En empresas con establecementos dispersos polo territorio.
- 2.º En empresas de gran dimensión.
- 3.º Cando se solicite prórroga para a emisión do informe.
- 4.º En concursos conexos en que se nomease unha administración concursal única.»

Vinte e cinco. A letra b) do artigo 34.2 suprímese e as letras c) e d) do mesmo número renuméranse como b) e c):

«2. A retribución da administración concursal determinarase mediante un arancel que se aprobará regulamentariamente e que atenderá á contía do activo e do pasivo, ao carácter ordinario ou abreviado do procedemento, á acumulación de concursos e á previsible complexidade do concurso.

O arancel axustarase necesariamente ás seguintes regras:

- a) Exclusividade. Os administradores concursais só poderán percibir pola súa intervención no concurso as cantidades que resulten da aplicación do arancel.
- b) Limitación. A administración concursal non poderá ser retribuída por encima da cantidade máxima que se fixe regulamentariamente para o conxunto do concurso.
- c) Efectividade. Naqueles concursos en que a masa sexa insuficiente, garantirase o pagamento dun mínimo retributivo establecido regulamentariamente, mediante unha conta de garantía arancelaria que se dotará coa achegas



obligatorias dos administradores concursais. Estas dotacións detraeranse das retribucións que efectivamente perciban os administradores concursais nos concursos en que actúen na porcentaxe que se determine regulamentariamente.»

Vinte e seis. Suprímese o número 6 do artigo 35 e os números 2, 3 e 4 pasan a ter a seguinte redacción:

«2. Cando a administración concursal estea integrada por dous membros, as funcións deste órgano concursal exerceranse de forma conxunta. As decisións adoptaranse de forma mancomunada, salvo para o exercicio daquelas competencias que o xuíz lles atribúa individualizadamente. En caso de desconformidade, resolverá o xuíz.

3. As decisións e os acordos da administración concursal que non sexan de trámite ou de xestión ordinaria consignaranse por escrito e serán asinados, de ser o caso, por todos os seus membros.

4. A administración concursal estará sometida á supervisión do xuíz do concurso. En calquera momento, o xuíz poderá requirir unha información específica ou unha memoria sobre o estado da fase do concurso.»

Vinte e sete. Suprímese o número 2 do artigo 36 e renuméranse os seguintes:

«Artigo 36. *Responsabilidade.*

1. Os administradores concursais e os auxiliares delegados responderán fronte ao debedor e fronte aos acredores dos danos e perdas causados á masa polos actos e omisións contrarios á lei ou realizados sen a debida dilixencia.

2. Os administradores concursais responderán solidariamente cos auxiliares delegados dos actos e omisións lesivos destes, salvo que proben que empregaron toda a dilixencia debida para previr ou evitar o dano.

3. A acción de responsabilidade substanciarase polos trámites do xuízo declarativo que corresponda, ante o xuíz que coñeza ou coñecese do concurso.

4. A acción de responsabilidade prescribirá aos catro anos, contados desde que o demandante tivo coñecemento do dano ou prexuízo polo que reclama e, en todo caso, desde que os administradores concursais ou os auxiliares delegados cesasen no seu cargo.

5. Se a sentenza contiver condena a indemnizar danos e perdas, o acreedor que exercese a acción en interese da masa terá dereito a que, con cargo á cantidade percibida, se lle reembolsen os gastos necesarios que soportase.

6. Quedan a salvo as accións de responsabilidade que poidan corresponder ao debedor, aos acredores ou a terceiros por actos ou omisións dos administradores concursais e auxiliares delegados que lesionen directamente os intereses daqueles.»

Vinte e oito. O número 4 do artigo 38 pasa a ter a seguinte redacción:

«En caso de cesamento do administrador concursal antes da conclusión do concurso, o xuíz ordenaralle render contas da súa actuación. Esta rendición de contas presentaraa o administrador concursal dentro do prazo dun mes, contado desde que lle sexa notificada a orde xudicial, e será obxecto dos mesmos trámites, resolucións e efectos previstos no artigo 181 para as rendicións de contas na conclusión do concurso.»

Vinte e nove. Modifícase o artigo 39, que queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 39. *Recursos.*

Contra as resolucións sobre nomeamento, recusación e cesamento dos administradores concursais e auxiliares delegados caberá recurso de reposición e, contra o auto que o resolva, o de apelación, que non terá efecto suspensivo.

Estarán lexitimados para recorrer o debedor, a administración concursal, os administradores concursais afectados e aqueles que acrediten interese lexítimo, aínda que non comparecesen con anterioridade.»

Trinta. Os números 2 e 3 do artigo 43 quedan redactados da seguinte forma:

«2. Ata a aprobación xudicial do convenio ou a apertura da liquidación non se poderán allear ou gravar os bens e dereitos que integran a masa activa sen autorización do xuíz.

3. Exceptúanse do disposto no número anterior:

1.º Os actos de disposición que a administración concursal considere indispensables para garantir a viabilidade da empresa ou as necesidades de tesouraría que exixa a continuidade do concurso. Deberánselle comunicar inmediatamente ao xuíz do concurso os actos realizados, xuntando a xustificación da súa necesidade.

2.º Os actos de disposición de bens que non sexan necesarios para a continuidade da actividade cando se presenten ofertas que coincidan substancialmente co valor que se lles dese no inventario. Entenderase que esa coincidencia é substancial se no caso de inmobles a diferenza é inferior a un dez por cento e no caso de mobles dun vinte por cento, e non constar oferta superior. A administración concursal deberalle comunicar inmediatamente ao xuíz do concurso a oferta recibida e a xustificación do carácter non necesario dos bens. A oferta presentada quedará aprobada se no prazo de dez días non se presenta unha superior.

3.º Os actos de disposición inherentes á continuación da actividade profesional ou empresarial do debedor, nos termos establecidos no artigo seguinte.»

Trinta e un. O último parágrafo do artigo 44.4 pasa a ter a seguinte redacción:

«Cando as medidas supoñan a extinción, suspensión ou modificación colectivas dos contratos de traballo, incluídos os traslados colectivos, o xuíz actuará conforme o establecido no artigo 8.2.º e simultaneamente iniciará o expediente do artigo 64. A administración concursal na súa solicitude deberá dar cumprimento ao disposto no artigo 64.4.»

Trinta e dous. Modifícase o artigo 46 nestes termos:

«Artigo 46. *Contas anuais do debedor.*

1. En caso de intervención, subsistirá a obriga legal dos administradores de formular e de someter a auditoría as contas anuais, baixo a supervisión dos administradores concursais.

A administración concursal poderalles autorizar aos administradores do debedor concursado que o cumprimento da obriga legal de formular as contas anuais correspondentes ao exercicio anterior á declaración xudicial de concurso se atrase ao mes seguinte ao da presentación do inventario e da lista de acredores. A aprobación das contas deberase realizar nos tres meses seguintes ao vencemento da dita prórroga. Disto darase conta ao xuíz do concurso e, se a persoa xurídica estiver obrigada a depositar as contas anuais, ao Rexistro Mercantil en que figurase inscrita. Efectuada esta comunicación, o atraso do depósito das contas non producirá o peche da folla rexistral, de se cumpriren os prazos para o depósito desde o vencemento do citado prazo prorrogado de aprobación das contas. En cada un dos documentos que integran as contas anuais farase mención da causa lexítima do atraso.

2. Por petición fundada da administración concursal, o xuíz do concurso poderá acordar a revogación do nomeamento do auditor de contas da persoa xurídica debedora e o nomeamento doutro para a verificación das contas anuais.

3. En caso de suspensión, subsistirá a obriga legal de formular e de someter a auditoría as contas anuais, e tales facultades corresponderanlles aos administradores concursais.»

Trinta e tres. O artigo 47 pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 47. *Dereito a alimentos.*

1. O concursado persoa natural que se encontre en estado de necesidade terá dereito a percibir alimentos durante a tramitación do concurso, con cargo á masa activa, sempre que nela existan bens suficientes para atender as súas necesidades e as do seu cónxuxe, parella de feito inscrita cando concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 25.3 e descendentes baixo a súa potestade.

A súa contía e periodicidade serán, en caso de intervención, as que acorde a administración concursal, e, en caso de suspensión, as que autorice o xuíz, oídos o concursado e a administración concursal. Neste último caso, o xuíz, coa audiencia do concursado ou da administración concursal e por solicitude previa de calquera delas, poderá modificar a contía e a periodicidade dos alimentos.

2. As persoas respecto das cales o concursado tiver deber legal de alimentos, con excepción do seu cónxuxe, parella de feito inscrita cando concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 25.3 e descendentes baixo a súa potestade, só poderán obtelos con cargo á masa se non os puideren percibir doutras persoas legalmente obrigadas a prestárllelos e sempre que exercesen a acción de reclamación no prazo dun ano contado desde o momento en que se debeu percibir, logo de autorización do xuíz do concurso, que resolverá sobre a súa procedencia e contía. A obriga de prestar alimentos impostos ao concursado por resolución xudicial ditada con anterioridade á declaración de concurso satisfacerase con cargo á masa activa na contía fixada polo xuíz de concurso, tendo, canto ao exceso, a consideración de crédito concursal ordinario.»

Trinta e catro. O artigo 48 queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 48. *Efectos da declaración de concurso sobre os órganos das persoas xurídicas debedoras.*

1. Durante a tramitación do concurso, manteranse os órganos da persoa xurídica debedora, sen prexuízo dos efectos que sobre o seu funcionamento produza a intervención ou a suspensión das súas facultades de administración e disposición.

2. A administración concursal terá dereito de asistencia e de voz nas sesións dos órganos colexiados da persoa xurídica concursada. Para estes efectos, deberá ser convocada na mesma forma e coa mesma antelación que os integrantes do órgano que se debe reunir.

A constitución de xunta ou asemblea ou outro órgano colexiado co carácter de universal non será válida sen a concorrencia da administración concursal. Os acordos da xunta ou da asemblea que poidan ter contido patrimonial ou relevancia directa para o concurso requirirán, para a súa eficacia, da autorización ou confirmación da administración concursal.

3. Os administradores ou liquidadores do debedor persoa xurídica continuarán coa representación da entidade dentro do concurso. En caso de suspensión, as facultades de administración e disposición propias do órgano de administración ou liquidación pasarán á administración concursal. En caso de intervención, tales facultades continuarán sendo exercidas polos administradores ou liquidadores, coa supervisión da administración concursal, a quen lle corresponderá autorizar ou confirmar os actos de administración e disposición.

Os apoderamentos que puideren existir ao tempo da declaración de concurso quedarán afectados pola suspensión ou intervención das facultades patrimoniais.

4. Se o cargo de administrador da persoa xurídica for retribuído, o xuíz do concurso poderá acordar que deixe de selo ou reducir o importe da retribución, á vista do contido e da complexidade das funcións de administración e do patrimonio da concursada.

5. Por solicitude da administración concursal, o xuíz poderalle atribuír, sempre que se encontren afectados os intereses patrimoniais da persoa xurídica concursada, o exercicio dos dereitos políticos que correspondan a esta noutras entidades.»

Trinta e cinco. Engádesse un novo artigo 48 bis, cuxo texto é o seguinte:

«Artigo 48 bis. *Efectos da declaración de concurso sobre as accións contra os socios.*

1. Durante a tramitación do concurso da sociedade, corresponderalle exclusivamente á administración concursal o exercicio da acción contra o socio ou socios persoalmente responsables polas débedas desta anteriores á declaración de concurso.

2. Durante a tramitación do concurso da sociedade, corresponderalle exclusivamente á administración concursal a reclamación, no momento e contía que considere conveniente, do desembolso das achegas sociais que fosen diferidas, calquera que for o prazo fixado na escritura ou nos estatutos, e das prestacións accesorias pendentes de cumprimento.»

Trinta e seis. Engádesse un novo artigo 48 ter, cuxa redacción é a seguinte:

«Artigo 48 ter. *Embargo de bens.*

1. Desde a declaración de concurso de persoa xurídica, o xuíz do concurso, de oficio ou por solicitude razoada da administración concursal, poderá acordar, como medida cautelar, o embargo de bens e dereitos dos seus administradores ou liquidadores, de feito e de dereito, apoderados xerais e de quen tivese esta condición dentro dos dous anos anteriores á data daquela declaración, cando do actuado resulte fundada a posibilidade de que na sentenza de cualificación as persoas que afecte o embargo sexan condenadas á cobertura do déficit resultante da liquidación nos termos previstos nesta lei.

O embargo acordarase pola contía que o xuíz considere e poderá ser substituído, por solicitude do interesado, por aval de entidade de crédito.

2. De igual xeito, durante a tramitación do concurso da sociedade, o xuíz, de oficio ou por solicitude razoada da administración concursal, poderá ordenar o embargo de bens e dereitos do socio ou socios persoalmente responsables polas débedas da sociedade anteriores á declaración de concurso, na contía que considere suficiente, cando do actuado resulte fundada a posibilidade de que a masa activa sexa insuficiente para satisfacer todas as débedas, e, por solicitude do interesado, poderase acordar a substitución do embargo por aval de entidade de crédito.

3. Contra o auto que resolva sobre a medida cautelar caberá recurso de apelación.»

Trinta e sete. Engádesse un novo artigo 48 quáter, cuxa redacción é a seguinte:

«Artigo 48 quáter. *Efectos da declaración de concurso sobre as accións contra os administradores da sociedade debedora.*

Declarado o concurso, corresponderalle exclusivamente á administración concursal o exercicio das accións de responsabilidade da persoa xurídica concursada contra os seus administradores, auditores ou liquidadores.»

Trinta e oito. O artigo 49 pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 49. *Integración da masa pasiva.*

1. Declarado o concurso, todos os acredores do debedor, ordinarios ou non, calquera que sexa a súa nacionalidade e domicilio, quedarán de dereito integrados na masa pasiva do concurso, sen máis excepcións que as establecidas nas leis.

2. En caso de concurso de persoa casada en réxime de gananciais ou calquera outro de comunidade de bens, integraranse na masa pasiva os créditos contra o cónxuxe do concursado, que sexan, ademais, créditos de responsabilidade da sociedade ou comunidade conxugal.»

Trinta e nove. Engádense dous novos números 2 e 3 no artigo 50 e o actual número 2 pasa a ser o 4:

«2. Os xuíces do mercantil non admitirán a trámite as demandas que se presenten desde a declaración do concurso ata a súa conclusión, nas cales se exerzan accións de reclamación de obrigas sociais contra os administradores das sociedades de capital concursadas que incumprisen os deberes impostos en caso de concorrencia de causa de disolución. De se admitiren, será de aplicación o disposto no último inciso do número anterior.

3. Os xuíces de primeira instancia non admitirán a trámite as demandas que se presenten desde a declaración do concurso ata a súa conclusión, nas cales se exerza a acción que se lles recoñece aos que puxeren o seu traballo e materiais nunha obra axustada globalmente contra o dono da obra nos termos previstos no artigo 1.597 do Código civil. De se admitiren, será de aplicación o disposto no último inciso do primeiro punto deste artigo.»

Corenta. Dáselle a seguinte redacción ao número 1 do artigo 51:

«1. Os xuízos declarativos en que o debedor sexa parte e que se encontren en tramitación no momento da declaración de concurso continuarán substanciándose ante o mesmo tribunal que estivese a coñecer deles ata a firmeza da sentenza.

Por excepción acumularanse de oficio ao concurso, sempre que se encontren en primeira instancia e non finalizase o acto de xuízo ou a vista, todos os xuízos por reclamación de danos e perdas á persoa xurídica concursada contra os seus administradores ou liquidadores, de feito ou de dereito, e contra os auditores.

Os xuízos acumulados continuarán a súa tramitación ante o xuíz do concurso, polos trámites do procedemento polo que viña substanciándose a reclamación, incluídos os recursos que procedan contra a sentenza.»

Corenta e un. Introdúcese un novo artigo 51 bis:

«Artigo 51 bis. *Suspensión de xuízos declarativos pendentes.*

1. Unha vez declarado o concurso e ata a súa conclusión, quedarán en suspenso os procedementos iniciados antes da declaración de concurso en que se exercen accións de reclamación de obrigas sociais contra os administradores das sociedades de capital concursadas que incumprisen os deberes impostos en caso de concorrencia de causa de disolución.

2. Unha vez declarado o concurso e ata a súa conclusión, quedarán en suspenso os procedementos iniciados con anterioridade en que se exercese a acción que se lle recoñece aos que puxeren o seu traballo e materiais nunha obra axustada globalmente contra o dono da obra nos termos previstos no artigo 1.597 do Código civil.»

Corenta e dous. Modifícanse os números 1 e 3 do artigo 55:

«1. Declarado o concurso, non se poderán iniciar execucións singulares, xudiciais ou extraxudiciais, nin seguir constrinximentos administrativos ou tributarios contra o patrimonio do debedor.

Ata a aprobación do plan de liquidación, poderanse continuar aqueles procedementos administrativos de execución en que se ditase dilixencia de embargo e as execucións laborais en que se embargasen bens do concursado, todo iso con anterioridade á data de declaración do concurso, sempre que os bens obxecto de embargo non resulten necesarios para a continuidade da actividade profesional ou empresarial do debedor.»

«3. Cando as actuacións de execución quedasen en suspenso conforme o disposto nos números anteriores, o xuíz, por petición da administración concursal e logo de audiencia dos acredores afectados, poderá acordar o levantamento e a cancelación dos embargos trabados cando o seu mantemento dificultase gravemente a continuidade da actividade profesional ou empresarial do concursado. O levantamento e a cancelación non se poderá acordar respecto dos embargos administrativos.»

Corenta e tres. Modifícanse a rúbrica e os números 1 e 2 do artigo 56 e engádesse un novo número 5 a este precepto:

«Artigo 56. *Paralización de execucións de garantías reais e accións de recuperación asimiladas.*

1. Os acredores con garantía real sobre bens do concursado afectos á súa actividade profesional ou empresarial ou a unha unidade produtiva da súa titularidade non poderán iniciar a execución ou realización forzosa da garantía ata que se aprobe un convenio cuxo contido non afecte o exercicio deste dereito ou transcorra un ano desde a declaración de concurso sen que se producise a apertura da liquidación.

Tampouco se poderán exercer durante ese tempo:

a) As accións que tendan a recuperar os bens vendidos a prazos ou financiados con reserva de dominio mediante contratos inscritos no Rexistro de Bens Mobles.

b) As accións resolutorias de vendas de inmobles por falta de pagamento do prezo aprazado, aínda que deriven de condicións explícitas inscritas no Rexistro da Propiedade.

c) As accións que tendan a recuperar os bens cedidos en arrendamento financeiro mediante contratos inscritos nos rexistros da Propiedade ou de Bens Mobles ou formalizados en documento que comporte a execución.

2. As actuacións xa iniciadas en exercicio das accións a que se refire o número anterior suspenderanse desde que a declaración do concurso, sexa ou non firme, conste no correspondente procedemento, aínda que xa estivesen publicados os anuncios de poxa do ben ou dereito. Só se alzará a suspensión da execución e se ordenará que continúe cando se incorpore ao procedemento testemuña da resolución do xuíz do concurso que declare que os bens ou dereitos non están afectos ou non son necesarios para a continuidade da actividade profesional ou empresarial do debedor.»

«5. Para os efectos do disposto neste artigo e no anterior, corresponderalle ao xuíz do concurso determinar se un ben do concursado se encontra ou non afecto á súa actividade profesional ou empresarial ou a unha unidade produtiva da súa titularidade e se un ben ou dereito resulta necesario para a continuidade da actividade profesional ou empresarial do debedor.»



Corenta e catro. O artigo 58 pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 58. *Prohibición de compensación.*

Sen prexuízo do previsto no artigo 205, declarado o concurso, non procederá a compensación dos créditos e débedas do concursado, pero producirá os seus efectos a compensación cuxos requisitos existisen con anterioridade á declaración, aínda que a resolución xudicial ou acto administrativo que a declare se ditase con posterioridade a ela.

No caso de controversia canto a este aspecto, esta resolverase a través das canles do incidente concursal.»

Corenta e cinco. Engádesse un novo artigo 59 bis coa seguinte redacción:

«Artigo 59 bis. *Suspensión do dereito de retención.*

1. Unha vez declarado o concurso, quedará suspendido o exercicio do dereito de retención sobre bens e dereitos integrados na masa activa.

2. Se no momento de conclusión do concurso eses bens ou dereitos non fosen alleados, deberanlle ser restituídos de inmediato ao titular do dereito de retención cuxo crédito non fose integramente satisfeito.

3. Esta suspensión non afectará as retencións impostas pola lexislación administrativa, tributaria, laboral e de seguridade social.»

Corenta e seis. No artigo 60 os números 2 e 3 renuméranse como 3 e 4 e engádesse un novo número 2. O artigo queda redactado co seguinte teor:

«1. Desde a declaración ata a conclusión do concurso quedará interrompida a prescrición das accións contra o debedor polos créditos anteriores á declaración.

2. A interrupción da prescrición non prexudicará os debedores solidarios, así como tampouco os fiadores e avalistas.

3. Desde a declaración ata a conclusión do concurso quedará interrompida a prescrición das accións contra socios e contra administradores, liquidadores e auditores da persoa xurídica debedora.

Tamén quedará interrompida a prescrición das accións cuxo exercicio quede suspendido en virtude do disposto nesta lei.

4. No suposto previsto nos números anteriores, o cómputo do prazo para a prescrición iniciárase novamente, se é o caso, no momento da conclusión do concurso.»

Corenta e sete. O número 2 do artigo 61 queda redactado do seguinte modo:

«2. A declaración de concurso, por si soa, non afectará a vixencia dos contratos con obrigas recíprocas pendentes de cumprimento tanto a cargo do concursado como da outra parte. As prestacións a que estea obrigado o concursado realizaranse con cargo á masa.

Malia o disposto no parágrafo anterior, a administración concursal, en caso de suspensión, ou o concursado, en caso de intervención, poderán solicitar a resolución do contrato se o consideraren conveniente ao interese do concurso. O secretario xudicial citará para a comparecencia perante o xuíz o concursado a administración concursal e a outra parte no contrato e, de existir acordo canto á resolución e aos seus efectos, o xuíz ditará auto que declare resolto o contrato de conformidade co acordado. Noutro caso, as diferenzas substanciaranse polos trámites do incidente concursal e o xuíz decidirá acerca da resolución e acordará, se é o caso, as restitucións que procedan e a indemnización que se teña satisfacer con cargo á masa. Cando se trate da resolución de contratos de arrendamento financeiro, e na falta de acordo entre as partes, coa demanda incidental xuntarase

taxación pericial independente dos bens cedidos que o xuíz poderá ter en conta ao fixar a indemnización.»

Corenta e oito. Os números 1, 2, 4, 5, 6, 7, 8 e 10 do artigo 64 quedan redactados do seguinte xeito:

«1. Os expedientes de modificación substancial das condicións de traballo de carácter colectivo, incluídos os traslados colectivos, e de suspensión ou extinción colectivas das relacións laborais, unha vez declarado o concurso, tramitaranse ante o xuíz do concurso polas regras establecidas neste artigo.

Se na data da declaración do concurso estiver en tramitación un expediente de regulación de emprego, a autoridade laboral remitirá o actuado ao xuíz do concurso. Dentro dos tres días seguintes ao de recepción do expediente, o secretario xudicial citará para a comparecencia os lexitimados previstos no número seguinte para expor e xustificar, se é o caso, a procedencia de continuar coa tramitación das medidas colectivas, conforme o previsto neste artigo. As actuacións practicadas no expediente anterior ata a data da declaración de concurso conservarán a súa validez no expediente que se tramite ante o xulgado.

Se na data da declaración de concurso xa se ditase resolución que autorice ou acepte a solicitude, corresponderalle á administración concursal a execución da resolución. En todo caso, a declaración de concurso debe ser comunicada á autoridade laboral para os efectos que procedan.

2. A administración concursal, o debedor ou os traballadores da empresa concursada a través dos seus representantes legais poderán solicitar do xuíz do concurso a modificación substancial das condicións de traballo e a extinción ou suspensión colectivas dos contratos de traballo en que sexa empregador o concursado. No caso de non existir representación legal dos traballadores, estes poderán atribuír a súa representación na tramitación do procedemento a unha comisión designada conforme o disposto no artigo 41.4 do Estatuto dos traballadores. Transcorrido o prazo de cinco días previsto para o exercicio deste dereito sen que os traballadores designasen representantes, o xuíz poderá acordar a intervención dunha comisión dun máximo de tres membros, integrada polos sindicatos máis representativos e os representativos do sector a que a empresa pertenza.»

«4. A solicitude deberá expor e xustificar, se é o caso, as causas motivadoras das medidas colectivas pretendidas e os obxectivos que se propoñen alcanzar con estas para asegurar, se é o caso, a viabilidade futura da empresa e do emprego, xuntando os documentos necesarios para a súa acreditación.

A administración concursal poderá solicitar a colaboración do concursado ou o auxilio do xulgado que considere necesario para a súa comprobación.

5. Recibida a solicitude, o xuíz convocará o concursado, os representantes dos traballadores e a administración concursal a un período de consultas, cuxa duración non será superior a trinta días naturais, ou a quince, tamén naturais, no suposto de empresas que contén con menos de cincuenta traballadores.

En caso de intervención das facultades de administración e disposición do debedor, o xuíz poderá autorizar a participación do concursado no período de consultas.

Os representantes dos traballadores ou a administración concursal poderán solicitarlle ao xuíz a participación no período de consultas doutras persoas físicas ou xurídicas que indiciariamente poidan constituír unha unidade de empresa coa concursada. Para estes efectos, poderán solicitar o auxilio do xulgado que se considere necesario para a súa comprobación. Igualmente, para o caso de unidade empresarial, e para os efectos de valorar a realidade económica do conxunto empresarial, poderase reclamar a documentación económica consolidada ou a relativa a outras empresas.

Se a medida afecta empresas de máis de cincuenta traballadores, deberase xuntar á solicitude un plan que recolla a incidencia das medidas laborais propostas na viabilidade futura da empresa e do emprego.

Nos casos en que a solicitude fose formulada polo empresario ou pola administración concursal, a comunicación aos representantes legais dos traballadores do inicio do período de consultas deberá incluír copia da solicitude prevista no número 4 deste artigo e dos documentos que, se é o caso, se xunten.

O xuíz, por instancia da administración concursal ou da representación dos traballadores, poderá acordar en calquera momento a substitución do período de consultas polo procedemento de mediación ou arbitraje que sexa de aplicación no ámbito da empresa, que se deberá desenvolver dentro do prazo máximo sinalado para ese período.

6. Durante o período de consultas, os representantes dos traballadores e a administración concursal deberán negociar de boa fe para a consecución dun acordo.

O acordo requirirá a conformidade da maioría dos membros do comité ou comités de empresa, dos delegados de persoal, da comisión de traballadores, de ser o caso, ou das representacións sindicais, se as houber, sempre que representen a maioría daqueles.

O acordo subscrito pola administración concursal e os representantes dos traballadores poderá ser acompañado da solicitude; neste caso, non será necesaria a apertura do período de consultas.

No acordo recollerase a identidade dos traballadores afectados e fixaranse as indemnizacións, que se axustarán ao establecido na lexislación laboral, salvo que, ponderando os intereses afectados polo concurso, se pacten de forma expresa outras superiores.

Ao finalizar o prazo sinalado ou no momento en que se consiga un acordo, a administración concursal e os representantes dos traballadores comunicaranlle ao xuíz do concurso o resultado do período de consultas.

Recibida esa comunicación, o secretario xudicial solicitará un informe da autoridade laboral sobre as medidas propostas ou o acordo alcanzado, que deberá ser emitido no prazo de quince días. Esta poderá oír a administración concursal e os representantes dos traballadores antes da súa emisión.

Recibido o informe polo xuíz do concurso ou transcorrido o prazo de emisión, seguirá o curso das actuacións. Se o informe é emitido fóra de prazo, poderá non obstante ser tido en conta polo xuíz do concurso ao adoptar a correspondente resolución.

7. Cumpridos os trámites ordenados nos números anteriores, o xuíz resolverá nun prazo máximo de cinco días, mediante auto, sobre as medidas propostas e aceptará, de existir, o acordo alcanzado, salvo que na súa conclusión aprecie a existencia de fraude, dolo, coacción ou abuso de dereito. Neste caso, así como no suposto de non existir acordo, o xuíz determinará o que proceda conforme a lexislación laboral.

Se non for alcanzado un acordo, o xuíz do concurso daralles audiencia aos que interviñesen no período de consultas, para o cal, o secretario do xulgado os convocará a unha comparecencia en que poderán formular alegacións e achegar proba documental. O xuíz poderá substituír esta comparecencia por un trámite escrito de alegacións por tres días.

O auto, no caso de se acordar a suspensión ou extinción colectiva dos contratos de traballo, producirá efectos desde a data en que se dite, salvo que no auto se dispoña outra data posterior, e producirá as mesmas consecuencias que a resolución administrativa da autoridade laboral ditada nun expediente de regulación de emprego, para os efectos do acceso dos traballadores á situación legal de desemprego.

8. Contra o auto a que se refire o número anterior, a administración concursal, o concursado, os traballadores a través dos seus representantes e o Fondo de Garantía Salarial (en diante Fogasa) poderán interpor recurso de suplicación, así como o resto de recursos previstos no Real decreto lexislativo 2/1995, do 7 de abril, polo que se aproba o texto refundido da Lei de procedemento laboral, que se tramitarán e resolverán ante os órganos xurisdicionais da orde social, sen que ningún deles teña efectos suspensivos sobre a tramitación do concurso nin dos incidentes concursais.

As accións que os traballadores ou o Fogasa poidan exercer contra o auto, en cuestións que se refiran estritamente á relación xurídica individual, substanciaranse polo procedemento do incidente concursal en materia laboral. O prazo para interpor a demanda de incidente concursal é dun mes desde que o traballador coñeceu ou puido coñecer o auto do xuíz do concurso. A sentenza que recaia será recorrible en suplicación.»

«10. As accións resolutorias individuais interpostas ao abeiro do artigo 50 do Estatuto dos traballadores motivadas pola situación económica ou de insolvencia do concursado terán a consideración de extincións de carácter colectivo, desde que se acorde a iniciación do expediente previsto neste artigo, para a extinción dos contratos. Acordada a iniciación do expediente previsto neste artigo, a totalidade dos procesos individuais seguidos fronte á concursada posteriores á solicitude do concurso pendente de resolución firme suspenderanse ata que adquira firmeza o auto que poña fin ao expediente de extinción colectiva. A resolución que acorde a suspensión comunicarse á administración concursal para os efectos do recoñecemento como continxente do crédito que poida resultar da sentenza que no seu día se dite, unha vez alzada a suspensión. Igualmente se comunicará aos tribunais ante os cales estivesen tramitando os procedementos individuais. O auto que acorde a extinción colectiva producirá efectos de cousa xulgada sobre os procesos individuais suspendidos.»

Corenta e nove. Modifícase o número 1 do artigo 65:

«1. Durante a tramitación do concurso, a administración concursal, por propia iniciativa ou por instancia do debedor, poderá extinguir ou suspender os contratos deste co persoal de alta dirección. A decisión da administración concursal poderá ser impugnada ante o xuíz do concurso a través do incidente concursal en materia laboral. A sentenza que se dite será recorrible en suplicación.»

Cincuenta. O artigo 71 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 71. *Accións de reintegración.*

1. Declarado o concurso, serán rescindibles os actos prexudiciais para a masa activa realizados polo debedor dentro dos dous anos anteriores á data da declaración, aínda que non existise intención fraudulenta.

2. O prexuízo patrimonial presúmese, sen admitir proba en contrario, cando se trate de actos de disposición a título gratuito, salvo as liberalidades de uso, e de pagamentos ou outros actos de extinción de obrigas cuxo vencemento for posterior á declaración do concurso, excepto se contasen con garantía real; neste caso aplicarase o previsto no número seguinte.

3. Salvo proba en contra, o prexuízo patrimonial presúmese cando se trate dos seguintes actos:

1.º Os dispositivos a título oneroso realizados a favor dalgunha das persoas especialmente relacionadas co concursado.

2.º A constitución de garantías reais a favor de obrigas preexistentes ou das novas contraídas en substitución daquelas.

3.º Os pagamentos ou outros actos de extinción de obrigas que contasen con garantía real e cuxo vencemento for posterior á declaración do concurso.

4. Cando se trate de actos non comprendidos nos tres supostos previstos no número anterior, o prexuízo patrimonial deberá ser probado por quen exerza a acción rescisoria.

5. En ningún caso poderán ser obxecto de rescisión:

1.º Os actos ordinarios da actividade profesional ou empresarial do debedor realizados en condicións normais.

2.º Os actos comprendidos no ámbito de leis especiais reguladoras dos sistemas de pagamentos e compensación e liquidación de valores e instrumentos derivados.

3.º As garantías constituídas a favor dos créditos de dereito público e a favor do Fogasa nos acordos ou convenios de recuperación previstos na súa normativa específica.

6. Non poderán ser obxecto de rescisión os acordos de refinanciamento alcanzados polo debedor, así como os negocios, actos e pagamentos, calquera que sexa a forma en que se realizen e as garantías constituídas en execución de tales acordos, cando en virtude destes se proceda, polo menos, á ampliación significativa do crédito dispoñible ou á modificación das súas obrigas, ben mediante prórroga do seu prazo de vencemento ou o establecemento doutras contraídas en substitución daquelas, sempre que respondan a un plan de viabilidade que permita a continuidade da actividade profesional ou empresarial en curto e medio prazo e que con anterioridade á declaración do concurso:

1.º O acordo fose subscrito por acredores cuxos créditos representen polo menos tres quintos do pasivo do debedor na data de adopción do acordo de refinanciamento. No caso de acordos de grupo, a porcentaxe sinalada calcularase tanto en base individual, en relación con todas e cada unha das sociedades afectadas, como en base consolidada, en relación cos créditos de cada grupo ou subgrupo afectados e excluindo en ambos os casos do cómputo do pasivo os préstamos e créditos concedidos por sociedades do grupo.

2.º Sobre o acordo fose emitido informe favorable por un experto independente designado ao seu prudente arbitrio polo rexistrador mercantil do domicilio do debedor conforme o previsto no Regulamento do Rexistro Mercantil. Se o acordo de refinanciamento afectase varias sociedades do mesmo grupo, o informe poderá ser único e elaborado por un só experto, designado polo rexistrador do domicilio da sociedade dominante, se estiver afectada polo acordo ou, no seu defecto, polo do domicilio de calquera das sociedades do grupo. O informe do experto conterá un xuízo técnico sobre a suficiencia da información proporcionada polo debedor, sobre o carácter razoable e realizable do plan nas condicións definidas no parágrafo primeiro e sobre a proporcionalidade das garantías conforme condicións normais de mercado no momento da sinatura do acordo. Cando o informe contiver reservas ou limitacións de calquera clase, a súa importancia deberá ser expresamente avaliada polos asinantes do acordo.

3.º O acordo fose formalizado en instrumento público ao cal se uniron todos os documentos que xustifiquen o seu contido e o cumprimento dos requisitos anteriores.

7. O exercicio das accións rescisorias non impedirá o doutras accións de impugnación de actos do debedor que procedan conforme dereito, as cales se poderán exercer ante o xuíz do concurso, conforme as normas de lexitimación e procedemento que para aquelas contén o artigo seguinte.»

Cincuenta e un. Engádesse un novo número 2 ao artigo 72 e os actuais números 2 e 3 renuméranse como números 3 e 4:

«2. Só a administración concursal estará lexitimada para o exercicio da acción rescisoria e demais de impugnación que se poidan presentar contra os acordos de refinanciamento do artigo 71.6. Para o exercicio destas accións non será de aplicación a lexitimación subsidiaria prevista no número anterior.»

Cincuenta e dous. Modifícase o número 2, engádesse un novo número 3 ao artigo 74 e renumérase o número 3 como número 4:

«2. O prazo de presentación poderá ser prorrogado polo xuíz:

1.º En caso de que concorran circunstancias excepcionais, por solicitude da administración concursal presentada antes de que expire o prazo legal, por tempo non superior a dous meses máis. Non obstante, o administrador que fose nomeado en, polo menos, tres concursos en tramitación, non poderá solicitar prórroga para a emisión do seu informe, salvo que xustifique que existen causas alleas ao seu exercicio profesional.

2.º Se ao vencemento do prazo de dous meses non conclúise o prazo de comunicación de créditos, por solicitude da administración concursal, ata os cinco días seguintes ao da conclusión do prazo.

3. Cando o número de acredores sexa superior a dous mil, os administradores concursais poderán solicitar unha prórroga por tempo non superior a catro meses máis.»

Cincuenta e tres. Modifícase o número 2 do artigo 75:

«2. Ao informe uniranse os documentos seguintes:

1.º Inventario da masa activa.

2.º Lista de acredores.

3.º Se é o caso, o escrito de avaliación das propostas de convenio.

4.º Se é o caso, o plan de liquidación.»

Cincuenta e catro. Engádeselle un novo parágrafo ao artigo 76.3:

«Se a execución separada non se iniciase no prazo dun ano desde a data de declaración do concurso, xa non se poderá efectuar e a clasificación e graduación de créditos rexeráse polo disposto nesta lei.»

Cincuenta e cinco. Engádeselle un número 5 ao artigo 82 coa seguinte redacción:

«5. Os bens de propiedade allea en poder do concursado e sobre os que este teña dereito de uso non serán incluídos no inventario, nin será necesaria a súa valoración, e deberá figurar unicamente o dereito de uso sobre estes do arrendatario financeiro concursado.»

Cincuenta e seis. Modifícase a rúbrica da sección 1.ª do capítulo III do título IV:

«*Sección 1.ª Da composición da masa pasiva*»

Cincuenta e sete. Modifícase o número 1 do artigo 84, así como o primeiro parágrafo e os puntos 1.º, 2.º, 4.º, 5.º, 10.º e 11.º do número 2. O actual punto 11.º do número 2 pasa a ser o 12.º do mesmo número 2 e, ademais, engádense tres novos números 3, 4 e 5, todo iso coa seguinte redacción:

«1. Constitúen a masa pasiva os créditos contra o debedor común que conforme esta lei non teñan a consideración de créditos contra a masa.



2. Terán a consideración de créditos contra a masa os seguintes:

1.º Os créditos por salarios polos últimos trinta días de traballo efectivo anteriores á declaración de concurso e en contía que non supere o dobre do salario mínimo interprofesional.

2.º Os de custas e gastos xudiciais necesarios para a solicitude e a declaración de concurso, a adopción de medidas cautelares, a publicación das resolucións xudiciais previstas nesta lei e a asistencia e representación do concursado e da administración concursal durante toda a tramitación do procedemento e os seus incidentes, cando a súa intervención sexa legalmente obrigatoria ou se realice en interese da masa, ata a eficacia do convenio ou, noutro caso, ata a conclusión do concurso, con excepción dos ocasionados polos recursos que interpoñan contra resolucións do xuíz cando fosen total ou parcialmente desestimados con expresa condena en custas.»

«4.º Os de alimentos do debedor e das persoas respecto das cales tivese o deber legal de prestalos, conforme o disposto nesta lei sobre a súa procedencia e contía, así como, en toda a extensión que se fixe na correspondente resolución xudicial posterior á declaración do concurso, os dos alimentos a cargo do concursado acordados polo xuíz de primeira instancia nalgún dos procesos a que se refire o título I do libro IV da Lei de axuízamento civil.

Terán tamén esta consideración os créditos deste tipo xerados con posterioridade á declaración do concurso cando teñan a súa orixe nunha resolución xudicial ditada con anterioridade.

5.º Os xerados polo exercicio da actividade profesional ou empresarial do debedor tras a declaración do concurso, incluíndo os créditos laborais, comprendidas neles as indemnizacións de despedimento ou extinción dos contratos de traballo, así como as recargas sobre as prestacións por incumprimento das obrigas en materia de saúde laboral, ata que o xuíz acorde o cesamento da actividade profesional ou empresarial, ou declare a conclusión do concurso.

Os créditos por indemnizacións derivadas de extincións colectivas de contratos de traballo ordenados polo xuíz do concurso entenderanse comunicados e recoñecidos pola propia resolución que os aprobe, sexa cal for o momento.»

«10.º. Os que resulten de obrigas nadas da lei ou de responsabilidade extracontractual do concursado con posterioridade á declaración de concurso e ata a súa conclusión.

11.º O cincuenta por cento dos créditos que supoñan novos ingresos de tesouraría e fosen concedidos no marco dun acordo de refinanciamento, nas condicións previstas no artigo 71.6.

En caso de liquidación, os créditos concedidos ao concursado no marco dun convenio conforme o disposto no artigo 100.5.

Esta clasificación non se aplica aos ingresos de tesouraría realizados polo propio debedor ou por persoas especialmente relacionadas a través dunha operación de aumento de capital, préstamos ou actos con análoga finalidade.

12.º Calquera outro crédito a que esta lei lle atribúa expresamente tal consideración.»

«3. Os créditos do punto 1.º do número anterior pagaranse de forma inmediata. Os restantes créditos contra a masa, calquera que sexa a súa natureza e o estado do concurso, pagaranse no momento dos seus respectivos vencementos. A administración concursal poderá alterar esta regra cando o considere conveniente para o interese do concurso e sempre que presuma que a masa activa resulta suficiente para a satisfacción de todos os créditos contra a masa. Esta postergación non poderá afectar os créditos dos traballadores, os créditos alimenticios nin os créditos tributarios e da Seguridade Social.

4. As accións relativas á cualificación ou ao pagamento dos créditos contra a masa exerceranse ante o xuíz do concurso polos trámites do incidente concursal, pero non se poderán iniciar execucións xudiciais ou administrativas para facelos

efectivos ata que se aprobe o convenio, se abra a liquidación ou transcorra un ano desde a declaración de concurso sen que se produciase ningún destes actos. Esta paralización non impedirá a xeración de xuros, recargas e demais obrigas vinculadas á falta de pagamento do crédito no momento do seu vencemento.

5. Satisfeitas as prestacións conforme a súa normativa específica, o Fogasa subrogarase nos créditos dos traballadores coa súa mesma clasificación e nos termos do artigo 33 do Estatuto dos traballadores.»

Cincuenta e oito. Modifícanse os números 2, 3 e 4 do artigo 85:

«2. A comunicación será formulada por escrito asinado polo acredor, por calquera outro interesado no crédito ou por quen acredite representación suficiente deles, e dirixirase á administración concursal. A comunicación poderase presentar no domicilio designado para o efecto, o cal deberá estar na localidade en que teña a súa sede o xulgado, ou remitir ao dito domicilio. Tamén se poderá efectuar a comunicación por medios electrónicos. O domicilio e o enderezo electrónico sinalados para os efectos de comunicacións serán únicos e deberán ser postos en coñecemento do xulgado polo administrador concursal ao mesmo tempo da aceptación do cargo ou, de ser o caso, ao mesmo tempo da aceptación do segundo dos administradores designados.

3. A comunicación expresará o nome, domicilio e demais datos de identidade do acredor, así como os relativos ao crédito, ao seu concepto, á contía, ás datas de adquisición e vencemento, ás características e á cualificación que se pretenda. Se se invocar un privilexio especial, indicaranse, ademais, os bens ou dereitos que afecte e, se é o caso, os datos rexistrados. Tamén se sinalará un domicilio ou un enderezo electrónico para que a administración concursal practique cantas comunicacións resulten necesarias ou convenientes. As que se remitan ao domicilio ou ao enderezo indicados producirán plenos efectos.

4. Xuntarase copia, en forma electrónica en caso de que se optase por esta forma de comunicación, do título ou dos documentos relativos ao crédito. Salvo que os títulos ou documentos figuren inscritos nun rexistro público, a administración concursal poderá solicitar os orixinais ou copias autorizadas dos títulos ou documentos achegados, así como calquera outra xustificación que considere necesaria para o recoñecemento do crédito.»

Cincuenta e nove. Modifícase o número 2 e engádeselle un novo número 3 ao artigo 86, cuxo actual número 3 pasa a ser o número 4:

«2. Inclúiranse necesariamente na lista de acredores aqueles créditos que fosen recoñecidos por laudo ou por resolución procesual, aínda que non fosen firmes, os que consten en documento con forza executiva, os recoñecidos por certificación administrativa, os asegurados con garantía real inscrita en rexistro público e os créditos dos traballadores cuxa existencia e contía resulten dos libros e documentos do debedor ou por calquera outra razón consten no concurso. Non obstante, a administración concursal poderá impugnar, en xuízo ordinario e dentro do prazo para emitir o seu informe, os convenios ou procedementos arbitrais en caso de fraude, conforme o previsto no artigo 53.2, e a existencia e validez dos créditos consignados en título executivo ou asegurados con garantía real, así como, a través das canles admitidas para o efecto pola súa lexislación específica, os actos administrativos.

3. Cando non se presentase algunha declaración ou autoliquidación que sexa precisa para a determinación dun crédito de dereito público ou dos traballadores, deberaa cubrir o concursado en caso de intervención ou, se é o caso, a administración concursal cando non o realice o concursado ou no suposto de suspensión de facultades de administración e disposición. Para o caso en que, por ausencia de datos, non for posible a determinación da súa contía, deberá recoñecerse como crédito continxente.

4. Cando o concursado for persoa casada en réxime de gananciais ou calquera outro de comunidade de bens, a administración concursal expresará, respecto de cada un dos créditos incluídos na lista, se só se poden facer efectivos sobre o seu patrimonio privativo ou tamén sobre o patrimonio común.»

Sesenta. Engádeselle un novo número 8 ao artigo 87:

«8. Se antes da presentación dos textos definitivos se cumprise a continxencia, condición ou suposto especial recollido neste artigo, a administración concursal procederá a incluír, de oficio ou por solicitude do interesado, as modificacións que procedan conforme os números anteriores.»

Sesenta e un. Modifícanse os puntos 1.º, 4.º e 6.º do artigo 90.1:

«1.º Os créditos garantidos con hipoteca voluntaria ou legal, inmobiliaria ou mobiliaria, ou con peñor sen desprazamento, sobre os bens ou dereitos hipotecados ou pignorados.»

«4.º Os créditos por cotas de arrendamento financeiro ou prazos de compravenda con prezo adiado de bens mobles ou inmobles, a favor dos arrendadores ou vendedores e, se é o caso, dos financiadores, sobre os bens arrendados ou vendidos con reserva de dominio, con prohibición de dispor ou con condición resolutoria en caso de falta de pagamento.»

«6.º Os créditos garantidos con peñor constituído en documento público, sobre os bens ou dereitos pignorados que estean en posesión do acredor ou dun terceiro. Se se tratar de peñor de créditos, bastará con que conste en documento con data fidedigna para gozar de privilexio sobre os créditos pignorados. O peñor en garantía de créditos futuros só lles atribuirá privilexio especial aos créditos nados antes da declaración de concurso, así como aos créditos nados despois desta, cando en virtude do artigo 68 se proceda á súa rehabilitación ou cando o peñor estivese inscrito nun rexistro público con anterioridade á declaración do concurso.»

Sesenta e dous. Modifícanse os puntos 1.º, 3.º, 5.º e 6.º do artigo 91 e engádeselle un novo punto 7.º a este precepto coa seguinte redacción:

«1.º Os créditos por salarios que non teñan recoñecido privilexio especial, na contía que resulte de multiplicar o triplo do salario mínimo interprofesional polo número de días de salario pendentes de pagamento, as indemnizacións derivadas da extinción dos contratos, na contía correspondente ao mínimo legal calculada sobre unha base que non supere o triplo do salario mínimo interprofesional, as indemnizacións derivadas de accidente de traballo e enfermidade profesional, xerados con anterioridade á declaración de concurso. Igual privilexio terán os capitais custo de Seguridade Social de que sexa legalmente responsable o concursado e as recargas sobre as prestacións por incumprimento das obrigas en materia de saúde laboral, sempre que sexan xeradas con anterioridade á declaración de concurso.»

«3.º Os créditos de persoas naturais derivados do traballo persoal non dependente e os que correspondan ao propio autor pola cesión dos dereitos de explotación da obra obxecto de propiedade intelectual, xerados durante os seis meses anteriores á declaración do concurso.»

«5.º Os créditos por responsabilidade civil extracontractual. Non obstante, os danos persoais non asegurados tramitaranse en concorrencia cos créditos recollidos no punto 4.º deste artigo.

Os créditos en concepto de responsabilidade civil derivada de delito contra a Facenda pública e contra a Seguridade Social.

6.º Os créditos que supoñan novos ingresos de tesouraría concedidos no marco dun acordo de refinanciamento que reúna as condicións previstas no artigo 71.6 e na contía non recoñecida como crédito contra a masa.

7.º Os créditos de que sexa titular o acreedor por instancia do cal se declarase o concurso e que non teñan o carácter de subordinados, ata o cincuenta por cento do seu importe.»

Sesenta e tres. Modifícanse os puntos 1.º, 3.º e 5.º do artigo 92:

«1.º Os créditos que, tendo sido comunicados tardiamente, sexan incluídos pola administración concursal na lista de acredores, así como os que, non tendo sido comunicados, ou que o fosen de forma tardía, sexan incluídos na dita lista por comunicacións posteriores ou polo xuíz ao resolver sobre a impugnación desta. Non quedarán subordinados por esta causa, e serán clasificados segundo corresponda, os créditos do artigo 86.3, os créditos cuxa existencia resultar da documentación do debedor, os que consten en documento con forza executiva, os créditos asegurados con garantía real inscrita en rexistro público, os que consten doutro modo no concurso ou noutro procedemento xudicial e aquelouros para cuxa determinación sexa precisa a actuación de comprobación das administracións públicas.»

«3.º Os créditos por recargas e xuros de calquera clase, incluídos os moratorios, salvo os correspondentes a créditos con garantía real ata onde alcance a respectiva garantía.»

«5.º Os créditos de que for titular algunha das persoas especialmente relacionadas co debedor a que se refire o artigo seguinte, excepto os comprendidos no artigo 91.1.º cando o debedor sexa persoa natural e os créditos diferentes dos préstamos ou actos con análoga finalidade dos que sexan titulares os socios a que se refire o artigo 93.2.1.º e 3.º que reúnan as condicións de participación no capital que alí se indican.»

Sesenta e catro. Modifícanse o punto 1.º do artigo 93.1 e o punto 3.º do artigo 93.2:

«1.º O cónxuxe do concursado ou quen o fose dentro dos dous anos anteriores á declaración de concurso, a súa parella de feito inscrita ou as persoas que convivan con análoga relación de afectividade ou convivisen habitualmente con el dentro dos dous anos anteriores á declaración de concurso.»

«3.º As sociedades que formen parte do mesmo grupo que a sociedade declarada en concurso e os seus socios comúns, sempre que estes reúnan as mesmas condicións que no punto 1.º deste número.»

Sesenta e cinco. O número 4 do artigo 94 queda redactado do seguinte xeito:

«4. En relación separada, detallaranse e cuantificaranse os créditos contra a masa xerados e pendentes de pagamento, con indicación dos vencementos.»

Sesenta e seis. Incorpórase ao artigo 95 un novo número 1, coa seguinte redacción:

«1. A administración concursal, cunha antelación mínima de dez días previos á presentación do informe ao xuíz, dirixiralles comunicación electrónica aos acredores sobre os cales conste o seu enderezo electrónico e informaraos do proxecto de inventario e da lista de acredores. Os acredores poderanlle solicitar á administración concursal, igualmente por medios electrónicos, ata tres días anteriores ao da presentación do informe ao xuíz, que se rectifique calquera erro ou que complementen os datos comunicados.»

Sesenta e sete. Engádeselle un novo número 4 ao artigo 96 e o actual modifícase e renumérase como número 5:

«4. Cando as impugnacións afecten menos do vinte por cento do activo ou do pasivo do concurso, o xuíz poderá ordenar a finalización da fase común e a

apertura da fase de convenio ou de liquidación, sen prexuízo do reflexo que as impugnacións poidan ter nos textos definitivos e as medidas cautelares que poida adoptar para a súa efectividade.

5. As impugnacións substanciaranse polos trámites do incidente concursal e o xuíz poderá de oficio acumularlas para resolvelas conxuntamente. Dentro dos cinco días seguintes ao da notificación da última sentenza resolutoria das impugnacións, a administración concursal introducirá no inventario, na lista de acredores e na exposición motivada do seu informe as modificacións que, se é o caso, procedan e presentará ao xuíz os textos definitivos correspondentes, así como relación das comunicacións posteriores presentadas e as modificacións incluídas e outra actualizada dos créditos contra a masa xerados e pendentes de pagamento, todo o cal quedará de manifesto na secretaría do xulgado.»

Sesenta e oito. Engádese un novo artigo 96 bis.

«Artigo 96 bis. *Comunicacións posteriores de créditos.*

1. Concluído o prazo de impugnación e ata a presentación dos textos definitivos, poderanse presentar comunicacións de novos créditos. Estes créditos serán recoñecidos conforme regras xerais e na súa clasificación observarase o disposto no artigo 92.1.º salvo que o acredor xustifique non ter tido noticia antes da súa existencia; neste caso clasificaranse segundo a súa natureza.

2. A administración concursal resolverá sobre elas na lista de acredores definitiva que se vai presentar.

3. Se dentro do prazo dos dez días seguintes ao da posta de manifesto dos textos definitivos se formula oposición á decisión da administración concursal sobre as comunicacións posteriores presentadas, daráselle tramitación do incidente concursal. Esta impugnación non impedirá a continuación da fase de convenio ou liquidación e será de aplicación o previsto no artigo 97 ter.»

Sesenta e nove. Modifícase a rúbrica e o número 1 do artigo 97, ao cal se lle engaden tamén dous novos números, o 3 e o 4:

«Artigo 97. *Consecuencias da falta de impugnación e modificacións posteriores.*

1. Fóra dos supostos dos números 3 e 4 deste artigo, os que non impugnaren en tempo e forma o inventario ou a lista de acredores non poderán formular pretensións de modificación do contido destes documentos, aínda que si poderán recorrer contra as modificacións introducidas polo xuíz ao resolver outras impugnacións.»

«3. O texto definitivo da lista de acredores, ademais de nos demais supostos previstos nesta lei, poderase modificar nos casos seguintes:

1.º Cando se resolva a impugnación das modificacións previstas no artigo 96 bis.

2.º Cando despois de presentado o informe inicial a que se refire o artigo 74 ou o texto definitivo da lista de acredores se inicie un procedemento administrativo de comprobación ou inspección do cal poidan resultar créditos de dereito público das administracións públicas e dos seus organismos públicos.

3.º Cando despois de presentado o informe inicial a que se refire o artigo 74 ou o texto definitivo da lista de acredores se inicie un proceso penal ou laboral que poida supor o recoñecemento dun crédito concursal.

4.º Cando despois de presentados os textos definitivos, se cumprise a condición ou continxencia prevista ou os créditos fosen recoñecidos ou confirmados por acto administrativo, por laudo ou por resolución procesual firme ou susceptible de execución provisional consonte a súa natureza ou contía.

Caso de resultar recoñecidos, terán a clasificación que lles corresponda consonte a súa natureza, sen que sexa posible a súa subordinación ao abeiro do artigo 92.1.º

4. Cando proceda a modificación ou substitución do acredor inicial na lista de acredores, teranse en conta as regras seguintes para a clasificación do crédito:

1.º Respecto dos créditos salariais ou por indemnización derivada de extinción laboral, unicamente se terá en conta a subrogación prevista no artigo 33 do Estatuto dos traballadores.

2.º Respecto dos créditos previstos no artigo 91.2.º e 4.º, unicamente manterán o seu carácter privilexiado cando o acredor posterior sexa un organismo público.

3.º En caso de pagamento por pagamento por avalista, fiador ou debedor solidario, observarase o disposto no artigo 87.6.

4.º No suposto en que o acredor posterior sexa unha persoa especialmente relacionada co concursado nos termos do artigo 93, na clasificación do crédito optarase pola que resulte menos gravosa para o concurso entre as que correspondan ao acredor inicial e ao posterior.

5.º Fóra dos casos anteriores, manterase a clasificación correspondente ao acredor inicial.»

Setenta. Engádesse un novo artigo 97 bis:

«Artigo 97 bis. *Procedemento de modificación da lista de acredores.*

1. A modificación do texto definitivo da lista de acredores só se poderá solicitar antes de que se dite a resolución pola que se aprobe a proposta de convenio ou se presenten no xulgado os informes previstos no punto segundo dos artigos 152 e 176 bis.

Para tal efecto, os acredores dirixirán á administración concursal unha solicitude con xustificación da modificación pretendida, así como da concorrencia das circunstancias previstas neste artigo. A administración concursal no prazo de cinco días informará por escrito o xuíz sobre a solicitude.

2. Presentado o informe, se for contrario ao recoñecemento, rexeitarase a solicitude salvo que o solicitante promova incidente concursal no prazo de dez días; neste caso observarase o que se decida nel. Se o informe é favorable á modificación pretendida, darase traslado ás partes constituídas en tales polo termo de dez días. Se non se efectúan alegacións ou non son contrarias á pretensión formulada, o xuíz acordará a modificación por medio de auto sen ulterior recurso. Noutro caso, o xuíz resolverá por medio de auto contra o cal cabe interpor recurso de apelación.»

Setenta e un. Engádesse un novo artigo 97 ter:

«Artigo 97 ter. *Efectos da modificación.*

1. A tramitación da solicitude non impedirá a continuación da fase de convenio ou liquidación. Por petición do solicitante, o xuíz do concurso, cando considere probable o recoñecemento, poderá adoptar as medidas cautelares que considere oportunas en cada caso para asegurar a súa efectividade.

2. A modificación acordada non afectará a validez do convenio que se puidese acadar ou das operacións de liquidación ou pagamento realizadas antes da presentación da solicitude ou logo dela ata o seu recoñecemento por resolución firme. Non obstante, por petición de parte, o xuíz poderá acordar a execución provisional da resolución co fin de que:

1.º Se admita provisionalmente a modificación pretendida en todo ou en parte para os efectos do cálculo do voto do artigo 124.



2.º As operacións de pagamento da liquidación ou convenio inclúan as modificacións pretendidas. Non obstante, estas cantidades conservaranse depositadas na masa activa ata que sexa firme a resolución que decida sobre a modificación pretendida, salvo que garanta a súa devolución por aval ou fianza suficiente.»

Setenta e dous. Modifícase o número 2 do artigo 100:

«2. A proposta de convenio poderá conter, ademais, proposicións alternativas para todos ou algúns dos acredores, incluídas as ofertas de conversión do crédito en accións, participacións ou cotas sociais, ou en créditos participativos.

Tamén se poderán incluír na proposta de convenio proposicións de alleamento, ben do conxunto de bens e dereitos do concursado afectos á súa actividade empresarial ou profesional ou de determinadas unidades produtivas a favor dunha persoa natural ou xurídica determinada.

As proposicións incluírán necesariamente a asunción polo adquirente da continuidade da actividade empresarial ou profesional propia das unidades produtivas que afecte e do pagamento dos créditos dos acredores, nos termos expresados na proposta de convenio. Nestes casos, deberán ser oídos os representantes legais dos traballadores.»

Setenta e tres. Modifícase o número 3 do artigo 100:

«3. En ningún caso a proposta poderá consistir na cesión de bens e dereitos aos acredores en pagamento ou para pagamento dos seus créditos coa excepción do suposto previsto no artigo 155.4, nin en calquera forma de liquidación global do patrimonio do concursado para satisfacción das súas débedas, nin na alteración da clasificación de créditos establecida pola lei, nin da contía destes fixada no procedemento, sen prexuízo das quitacións que se puideren acordar e da posibilidade de fusión, escisión ou cesión global de activo e pasivo da persoa xurídica concursada.»

Setenta e catro. Modifícase o número 2 do artigo 101:

«2. Por excepción ao disposto no número anterior, en caso de concursos conexos, a proposta que presente un dos concursados poderase condicionar a que se aprobe cun contido determinado ou convenio doutro ou doutros.»

Setenta e cinco. Modifícase o artigo 102, coa seguinte redacción:

«Artigo 102. *Propostas con contidos alternativos.*

1. Se a proposta de convenio ofrecese a todos ou a algúns dos acredores a facultade de elixir entre varias alternativas, deberá determinar a aplicable en caso de falta de exercicio da facultade de elección.

2. O prazo para o exercicio da facultade de elección non poderá ser superior a un mes contado desde a data da firmeza da resolución xudicial que aprobe o convenio.»

Setenta e seis. Modifícanse os números 1, 2 e 5 do artigo 115 bis, cuxo parágrafo primeiro se suprime:

«1. O auto que acorde a tramitación escrita do convenio sinalará a data límite para a presentación de adhesións ou de votos en contra ás distintas propostas de convenio, que será de dous meses contados desde a data do auto.

2. Acordada a tramitación escrita, só se poderán presentar propostas de convenio conforme o artigo 113.2 ata un mes anterior ao vencemento do prazo previsto no número anterior. Desde que quede de manifesto o escrito de avaliación

na oficina xudicial, admitiranse adhesións ou votos en contra de acredores á nova proposta de convenio ata a conclusión do prazo previsto no número anterior.»

«5. Dentro dos dez días seguintes a aquel en que tiver finalizado o prazo de presentación de adhesións, o secretario xudicial verificará se a proposta de convenio presentado alcanza a maioría legalmente exixida e proclamará o resultado mediante decreto.»

Setenta e sete. O punto 2.º do artigo 122.1 pasa a ter a seguinte redacción:

«2.º Os que adquirisen o seu crédito por actos entre vivos despois da declaración de concurso, salvo que a adquisición tiver lugar por un título universal, como consecuencia dunha realización forzosa ou por unha entidade sometida á supervisión financeira.»

Setenta e oito. O parágrafo segundo do artigo 124 queda redactado do seguinte xeito:

«Malia o disposto no parágrafo anterior, cando a proposta consista no pagamento íntegro dos créditos ordinarios en prazo non superior a tres anos ou no pagamento inmediato dos créditos ordinarios vencidos con quitación inferior ao vinte por cento, será suficiente que vote ao seu favor unha porción do pasivo superior á que vote en contra. Para estes efectos, nos supostos de proposta anticipada e de tramitación escrita, os acredores deberán, de ser o caso, manifestar o seu voto en contra cos mesmos requisitos previstos para as adhesións no artigo 103 e nos prazos, segundo sexa o caso, dos artigos 108 e 115 bis.»

Setenta e nove. Modifícase o número 3 do artigo 128:

«3. Dentro do mesmo prazo, o concursado que non formulase a proposta de convenio aceptada polos acredores nin lle prestase conformidade poderase opor á aprobación do convenio por calquera das causas previstas no número 1 ou solicitar a apertura da fase de liquidación. Noutro caso, quedará suxeito ao convenio que resulte aprobado.»

Oitenta. O terceiro parágrafo do artigo 129.2 pasa a ter a seguinte redacción:

«Se a sentenza estimase a oposición por infracción na tramitación escrita, o xuíz poderá acordar que o secretario xudicial convoque xunta nos termos anteriores ou que se proceda á nova tramitación escrita por un prazo non superior a trinta días desde a data da sentenza.»

Oitenta e un. Os números 1, 3 e 4 do artigo 131 pasan a ter a seguinte redacción:

«1. O xuíz, fose o non formulada oposición, rexeitará de oficio o convenio aceptado polos acredores se apreciase que se infrinxiu algunha das normas que esta lei establece sobre o contido do convenio, sobre a forma e o contido das adhesións e sobre a tramitación escrita ou a constitución da xunta e a súa celebración.»

«3. Se a infracción apreciada afectase a constitución ou a celebración da xunta, o xuíz ditará auto en que acorde que o secretario xudicial convoque nova xunta para a súa celebración conforme o establecido no artigo 129.2.

4. Se a infracción apreciada afectase as regras sobre a tramitación escrita do convenio, o xuíz acordará que o secretario xudicial convoque xunta nos termos expresados no número anterior ou que se proceda á nova tramitación escrita por un prazo non superior a trinta días desde a data do auto.»

Oitenta e dous. O artigo 133 queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 133. *Comezo e alcance da eficacia do convenio.*

1. O convenio adquirirá eficacia desde a data da sentenza que o aprobe, salvo que o xuíz, por razón do contido do convenio, acorde, de oficio ou por instancia de parte, atrasar esa eficacia á data en que a aprobación alcance firmeza.

Ao se pronunciar sobre o atraso da eficacia do convenio, o xuíz poderá acordalo con carácter parcial.

2. Desde a eficacia do convenio cesarán todos os efectos da declaración de concurso, que quedarán substituídos polos que, se é o caso, se establezan no propio convenio, salvo os deberes de colaboración e información establecidos no artigo 42, que subsistirán ata a conclusión do procedemento.

Os administradores concursais renderán contas da súa actuación ante o xuíz do concurso, dentro do prazo que este sinale.

3. Malia o seu cesamento, os administradores concursais conservarán plena lexitimación para continuar os incidentes en curso e poderán solicitar a execución das sentenzas e autos que se diten neles, ata que sexan firmes, así como para actuar na sección sexta ata que se dite sentenza firme.

4. Co consentimento previo dos interesados, no convenio poderáselles encomendar a todos ou a algún dos administradores concursais o exercicio de calquera función, e fixarase a remuneración que se considere oportuna.»

Oitenta e tres. O artigo 142 pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 142. *Apertura da liquidación por solicitude do debedor, do acreedor ou da administración concursal.*

1. O debedor poderá pedir a liquidación en calquera momento. Dentro dos dez días seguintes ao da solicitude o xuíz ditará auto que abrirá a fase de liquidación.

2. O debedor deberá pedir a liquidación cando, durante a vixencia do convenio, coñeza a imposibilidade de cumprir os pagamentos comprometidos e as obrigas contraídas con posterioridade á aprobación daquel. Presentada a solicitude, o xuíz ditará auto que abrirá a fase de liquidación.

Se o debedor non solicitase a liquidación durante a vixencia do convenio, poderá facelo calquera acreedor que acredite a existencia dalgún dos feitos que poden fundamentar unha declaración de concurso segundo o disposto no artigo 2.4. Daráselle á solicitude o trámite previsto nos artigos 15 e 19 e resolverá o xuíz mediante auto se procede ou non abrir a liquidación.

3. En caso de cesamento da actividade profesional ou empresarial, a administración concursal poderá solicitar a apertura da fase de liquidación. Da solicitude darase traslado ao debedor polo prazo de tres días. O xuíz resolverá sobre a solicitude mediante auto dentro dos cinco días seguintes.»

Oitenta e catro. O punto 3.º do artigo 143.1 queda redactado da seguinte forma:

«3.º Terse rexeitado por resolución xudicial firme o convenio aceptado en xunta de acredores sen que proceda acordar nova convocatoria ou o tramitado por escrito sen que proceda nova convocatoria de xunta nin nova tramitación escrita.»

Oitenta e cinco. O artigo 144 pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 144. *Publicidade da apertura da liquidación.*

Á resolución xudicial que declare a apertura da fase de liquidación daráselle a publicidade prevista nos artigos 23 e 24.»

Oitenta e seis. Modifícanse o número 2 e o número 3 do artigo 145:

«2. Se o concursado fose persoa natural, a apertura da liquidación producirá a extinción do dereito a alimentos con cargo á masa activa, salvo cando for imprescindible para atender as necesidades mínimas do concursado e as do seu cónxuxe, parella de feito inscrita cando concorran algunhas das circunstancias previstas no artigo 25.3 e descendentes baixo a súa potestade.

3. Se o concursado fose persoa xurídica, a resolución xudicial que abra a fase de liquidación conterá a declaración de disolución se non estivese acordada e, en todo caso, o cesamento dos administradores ou liquidadores, que serán substituídos pola administración concursal, sen prexuízo de continuar aqueles na representación da concursada no procedemento e nos incidentes en que sexa parte.»

Oitenta e sete. Modifícanse o parágrafo primeiro do número 1 e os números 2 e 4 do artigo 148 nos seguintes termos:

«1. No informe a que se refire o artigo 75 ou nun escrito que realizará dentro dos quince días seguintes ao de notificación da resolución de apertura da fase de liquidación, a administración concursal presentaralle ao xuíz un plan para a realización dos bens e dereitos integrados na masa activa do concurso que, sempre que sexa factible, deberá recoller o alleamento unitario do conxunto dos establecementos, explotacións e calquera outra unidade produtiva de bens e servizos do concursado ou dalgúns deles. Se a complexidade do concurso o xustificar, o xuíz, por solicitude da administración concursal, poderá acordar a prórroga deste prazo por un novo período de igual duración.»

«2. Durante os quince días seguintes ao da data en que quedase de manifesto na oficina xudicial o plan de liquidación, o debedor e os acredores concursais poderán formular observacións ou propostas de modificación. Transcorrido ese prazo, o xuíz, segundo considere conveniente para o interese do concurso, resolverá mediante auto aprobar o plan nos termos en que fose presentado, introducir nel modificacións ou acordar a liquidación conforme as regras legais supletorias. Contra este auto poderase interpor recurso de apelación.»

«4. No caso de que as operacións previstas no plan de liquidación supoñan a modificación substancial das condicións de traballo de carácter colectivo, incluídos os traslados colectivos, ou a suspensión ou extinción colectivas das relacións laborais, previamente á aprobación do plan, deberáselle dar cumprimento ao disposto no artigo 64.»

Oitenta e oito. Modifícase a regra 2.<sup>a</sup> do artigo 149.1, ao cal se lle engade un novo número 3:

«2.<sup>a</sup> No caso de que as operacións de liquidación supoñan a modificación substancial das condicións de traballo de carácter colectivo, incluídos os traslados colectivos e a suspensión ou extinción colectivas das relacións laborais, aplicarase o disposto no artigo 64.»

«3. O auto de aprobación do remate ou da transmisión dos bens ou dereitos realizados xa sexa de forma separada, por lotes ou formando parte dunha empresa ou unidade produtiva, acordará a cancelación de todas as cargas anteriores ao concurso constituídas a favor de créditos concursais que non gocen de privilexio especial conforme o artigo 90.»

Oitenta e nove. O artigo 152 pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 152. *Informes sobre a liquidación.*

1. Cada tres meses, contados desde a apertura da fase de liquidación, a administración concursal presentaralle ao xuíz do concurso un informe sobre o

estado das operacións, que detallará e cuantificará os créditos contra a masa xerados e pendentes de pagamento, con indicación dos seus vencementos. Este informe quedará de manifesto na oficina xudicial.

O incumprimento desta obriga poderá determinar a responsabilidade prevista nos artigos 36 e 37.

2. Concluída a liquidación dos bens e dereitos do concursado e a tramitación da sección de cualificación, a administración concursal presentaralle ao xuíz do concurso un informe final xustificativo das operacións realizadas e razoará inescusablemente que non existen accións viables de reintegración da masa activa nin de responsabilidade de terceiros pendentes de ser exercidas nin outros bens ou dereitos do concursado. Non impedirá a conclusión que o debedor manteña a propiedade de bens legalmente inembargables ou desprovistos de valor de mercado ou cuxo custo de realización sería manifestamente desproporcionado respecto do seu previsible valor venal.

Tamén incluírá unha completa rendición de contas, conforme o disposto nesta lei.

3. Se no prazo de audiencia concedido ás partes se formulase oposición á conclusión do concurso, daráselle a tramitación do incidente concursal. En caso contrario, o xuíz ditará auto en que declare a conclusión do concurso por fin da fase de liquidación.»

Noventa. O artigo 154 queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 154. *Pagamento de créditos contra a masa.*

Antes de proceder ao pagamento dos créditos concursais, a administración concursal deducirá da masa activa os bens e dereitos necesarios para satisfacer os créditos contra esta.

As deducións para atender o pagamento dos créditos contra a masa faranse con cargo aos bens e dereitos non afectos ao pagamento de créditos con privilexio especial.»

Noventa e un. O número 4 do artigo 155 queda redactado como segue:

«4. A realización en calquera estado do concurso dos bens e dereitos afectos a créditos con privilexio especial farase en poxa, salvo que, por solicitude da administración concursal ou do acreedor con privilexio especial dentro do convenio, o xuíz autorice a venda directa ou a cesión en pagamento ou para o pagamento ao acreedor privilexiado ou á persoa que el designe, sempre que con iso quede completamente satisfeito o privilexio especial ou, de ser o caso, quede o resto do crédito recoñecido dentro do concurso coa cualificación que corresponda.

Se a realización se efectúa fóra do convenio, o oferente deberá satisfacer un prezo superior ao mínimo que se pactase e con pagamento ao contado, salvo que o concursado e o acreedor con privilexio especial manifestasen de forma expresa a aceptación por un prezo inferior, sempre e cando esas realizacións se efectúen a valor de mercado segundo taxación oficial actualizada por entidade homologada para o caso de bens inmoables e valoración por entidade especializada para bens moables.

A autorización xudicial e as súas condicións anunciaranse coa mesma publicidade que corresponda á poxa do ben e dereito afecto e se dentro dos dez días seguintes ao do último dos anuncios se presentar mellor licitador, o xuíz abrirá licitación entre todos os oferentes e acordará a fianza que teñan que prestar.»

Noventa e dous. O artigo 156 modifícase nos seguintes termos:

«Artigo 156. *Pagamento de créditos con privilexio xeral.*

1. Deducidos da masa activa os bens e dereitos necesarios para satisfacer os créditos contra a masa e con cargo aos bens non afectos a privilexio especial ou ao remanente que deles quedase unha vez pagados estes créditos, atenderase o pagamento daqueles que gozan de privilexio xeral, pola orde establecida no artigo 91 e, se é o caso, a pro rata dentro de cada número.

2. O xuíz poderá autorizar o pagamento destes créditos sen esperar á conclusión das impugnacións promovidas, adoptando as medidas cautelares que considere oportunas en cada caso para asegurar a súa efectividade e a dos créditos contra a masa de previsible xeración.»

Noventa e tres. Modifícase o número 1 do artigo 157:

«1. O pagamento dos créditos ordinarios efectuarase unha vez satisfeitos os créditos contra a masa e os privilexiados.

O xuíz, por solicitude da administración concursal, en casos excepcionais poderá motivadamente autorizar a realización de pagamentos de créditos ordinarios con antelación cando considere suficientemente cuberto o pagamento dos créditos contra a masa e dos privilexiados.

O xuíz poderá tamén autorizar o pagamento de créditos ordinarios antes de que conclúan as impugnacións promovidas, adoptando en cada caso as medidas cautelares que considere oportunas para asegurar a súa efectividade e a dos créditos contra a masa de previsible xeración.»

Noventa e catro. O artigo 163 queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 163. *Cualificación do concurso.*

1. O concurso cualificarase como fortuíto ou como culpable.

2. A cualificación non vinculará os xuíces e tribunais da orde xurisdiccional penal que, se é o caso, entendan de actuacións do debedor que puideren ser constitutivas de delito.»

Noventa e cinco. O número 1 do artigo 164 pasa a ter a seguinte redacción:

«1. O concurso cualificarase como culpable cando na xeración ou agravación do estado de insolvencia mediase dolo ou culpa grave do debedor ou, se os tiver, dos seus representantes legais e, en caso de persoa xurídica, dos seus administradores ou liquidadores, de feito e de dereito, apoderados xerais, e de quen tiver calquera destas condicións dentro dos dous anos anteriores á data de declaración do concurso.»

Noventa e seis. Modifícase o artigo 167:

«Artigo 167. *Formación da sección sexta.*

1. A formación da sección sexta ordenarase na mesma resolución xudicial pola que se aprobe o convenio, o plan de liquidación ou se ordene a liquidación conforme as normas legais supletorias.

Por excepción ao establecido no número anterior, non procederá a formación da sección de cualificación do concurso cando teña lugar a aprobación xudicial dun convenio en que se estableza, para todos os acredores ou para os dunha ou varias clases, unha quitación inferior a un terzo do importe dos seus créditos ou unha espera inferior a tres anos, salvo que resulte incumplido.

A sección encabezarase con testemuño da resolución xudicial e incorporaranse a ela testemuños da solicitude de declaración de concurso, a documentación



achegada polo debedor, o auto de declaración de concurso e o informe da Administración.

2. En caso de reapertura da sección de cualificación por incumprimento de convenio, procederase do seguinte xeito, para os efectos de determinar as causas do incumprimento e as responsabilidades a que houber lugar:

1.º Se se ditase auto de arquivo ou sentenza de cualificación, na mesma resolución xudicial que acorde a apertura da liquidación por razón do incumprimento do convenio ordenarase a reapertura da sección, con incorporación a ela das actuacións anteriores e da propia resolución.

2.º Noutro caso, a referida resolución xudicial ordenará a formación dunha peza separada dentro da sección de cualificación que se encontrase aberta, para a súa tramitación de forma autónoma e conforme as normas establecidas neste capítulo que lle sexan de aplicación.»

Noventa e sete. O artigo 168 queda coa seguinte redacción:

«Artigo 168. *Comparecencia e condición de parte.*

1. Dentro dos dez días seguintes ao da última publicación que se lle dese á resolución que acorde a formación da sección sexta, calquera acredor ou persoa que acredite interese lexítimo poderá comparecer e ser parte na sección, alegando por escrito canto considere relevante para a cualificación do concurso como culpable.

2. Nos casos a que se refire o número 2 do artigo precedente, os interesados poderán comparecer e ser parte na sección ou na peza separada dentro do mesmo prazo contado desde a última publicación que se lle dese á resolución que acorde a reapertura da sección de cualificación, pero os seus escritos limitaranse a determinar se o concurso debe ser cualificado como culpable en razón de incumprimento do convenio por causa imputable ao concursado.»

Noventa e oito. Modifícanse os números 2 e 3 do artigo 172:

«2. A sentenza que cualifique o concurso como culpable conterà, ademais, os seguintes pronunciamentos:

1.º A determinación das persoas afectadas pola cualificación, así como, se é o caso, a das declaradas cómplices. En caso de persoa xurídica, poderán ser considerados persoas afectadas pola cualificación os administradores ou liquidadores, de feito ou de dereito, apoderados xerais e quen tivese calquera destas condicións dentro dos dous anos anteriores á data da declaración de concurso. Se algunha das persoas afectadas o for como administrador ou liquidador de feito, a sentenza deberá motivar a atribución desa condición.

2.º A inhabilitación das persoas afectadas pola cualificación para administrar os bens alleos durante un período de dous a quince anos, así como para representar calquera persoa durante o mesmo período, atendendo, en todo caso, á gravidade dos feitos e á entidade do prexuízo, así como a declaración culpable noutros concursos.

En caso de convenio, se así o solicitase a administración concursal, excepcionalmente a sentenza de cualificación poderá autorizar o inhabilitado para continuar á fronte da empresa ou como administrador da sociedade concursada.

No caso de que unha mesma persoa sexa inhabilitada en dous ou máis concursos, o período de inhabilitación será a suma de cada un deles.

3.º A perda de calquera dereito que as persoas afectadas pola cualificación ou declaradas cómplices tivesen como acredores concursais ou da masa e a condena a devolver os bens ou dereitos que obtivesen indebidamente do patrimonio

do debedor ou recibisen da masa activa, así como a indemnizar os danos e perdas causados.

3. A sentenza que cualifique o concurso como culpable condenará, ademais, os cómplices que non tivesen a condición de acredores á indemnización dos danos e perdas causados.»

Noventa e nove. Incorporárase un novo artigo 172 bis:

«Artigo 172 bis. *Responsabilidade concursal.*

1. Cando a sección de cualificación fose formada ou reaberta como consecuencia da apertura da fase de liquidación, o xuíz poderá condenar todos ou algúns dos administradores, liquidadores, de dereito ou de feito, ou apoderados xerais, da persoa xurídica concursada que fosen declarados persoas afectadas pola cualificación á cobertura, total ou parcial, do déficit.

Se o concurso fose xa cualificado como culpable, en caso de reapertura da sección sexta por incumprimento do convenio, o xuíz atenderá, para fixar a condena ao déficit do concurso, tanto aos feitos declarados probados na sentenza de cualificación como aos determinantes da reapertura.

En caso de pluralidade de condenados, a sentenza deberá individualizar a cantidade que deberá satisfacer cada un deles, de acordo coa participación nos feitos que determinasen a cualificación do concurso.

2. A lexitimación para solicitar a execución da condena corresponderalle á administración concursal. Os acredores que instasen por escrito da administración concursal a solicitude da execución estarán lexitimados para solicitala se a administración concursal non o fixer dentro do mes seguinte ao requirimento.

3. Todas as cantidades que se obteñan en execución da sentenza de cualificación se integrarán na masa activa do concurso.

4. Quen fose parte na sección de cualificación poderá interpor contra a sentenza recurso de apelación.»

Cen. O artigo 176 queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 176. *Causas de conclusión.*

1. Procederá a conclusión do concurso e o arquivo das actuacións nos seguintes casos:

1.º Unha vez firme o auto da Audiencia Provincial que revogue en apelación o auto de declaración de concurso.

2.º Unha vez firme o auto que declare o cumprimento do convenio e, se é o caso, caducadas ou rexeitadas por sentenza firme as accións de declaración de incumprimento, ou que declare finalizada a fase de liquidación.

3.º En calquera estado do procedemento, cando se comprobe a insuficiencia da masa activa para satisfacer os créditos contra a masa.

4.º En calquera estado do procedemento, cando se comprobe o pagamento ou a consignación da totalidade dos créditos recoñecidos ou a íntegra satisfacción dos acredores por calquera outro medio ou que xa non existe a situación de insolvencia.

5.º Unha vez rematada a fase común do concurso, cando quede firme a resolución que acepte a desistencia ou a renuncia da totalidade dos acredores recoñecidos.

2. Nos dous últimos casos do número anterior, a conclusión acordarase por auto e informe previo da administración concursal, que se porá de manifesto por quince días a todas as partes comparecidas.

Se no prazo de audiencia concedido ás partes se formulase oposición á conclusión do concurso, daráselle a tramitación do incidente concursal.»

Cento un. Incorpórase un novo artigo 176 bis:

«Artigo 176 bis. *Especialidades da conclusión por insuficiencia de masa activa.*

1. Desde a declaración do concurso procederá a conclusión por insuficiencia da masa activa cando, non sendo previsible o exercicio de acción de reintegración, de impugnación ou de responsabilidade de terceiros nin a cualificación do concurso como culpable, o patrimonio do concursado non sexa presumiblemente suficiente para a satisfacción dos créditos contra a masa, salvo que o xuíz considere que estas cantidades estean garantidas por un terceiro de xeito suficiente.

Non se poderá ditar auto de conclusión do concurso por insuficiencia da masa activa mentres se estea tramitando a sección de cualificación ou estean pendentes demandas de reintegración da masa activa ou de exigencia de responsabilidade de terceiros, salvo que as correspondentes accións fosen obxecto de cesión ou fose manifesto que o que se obtiver delas non sería suficiente para a satisfacción dos créditos contra a masa.

2. Tan pronto como conste que a masa activa é insuficiente para o pagamento dos créditos contra a masa, a administración concursal comunicarllo ao xuíz do concurso, que llelo manifestará na oficina xudicial ás partes comparecidas.

Desde ese momento, a administración concursal deberá proceder a pagar os créditos contra a masa conforme a orde seguinte e, de ser o caso, a pro rata dentro de cada número, salvo os créditos imprescindibles para concluír a liquidación:

1.º Os créditos salariais dos últimos trinta días de traballo efectivo e en contía que non supere o dobre do salario mínimo interprofesional.

2.º Os créditos por salarios e indemnizacións na contía que resulte de multiplicar o tripo do salario mínimo interprofesional polo número de días de salario pendentes de pagamento.

3.º Os créditos por alimentos do artigo 145.2, en contía que non supere o salario mínimo interprofesional.

4.º Os créditos por custas e gastos xudiciais do concurso.

5.º Os demais créditos contra a masa.

3. Unha vez distribuída a masa activa, a administración concursal presentaralle ao xuíz do concurso un informe xustificativo que afirmará e razoará inescusablemente que o concurso non será cualificado como culpable e que non existen accións viables de reintegración da masa activa nin de responsabilidade de terceiros pendentes de ser exercidas ou ben que o que se puiden obter das correspondentes accións non sería suficiente para o pagamento dos créditos contra a masa. Non impedirá a declaración de insuficiencia de masa activa que o debedor manteña a propiedade de bens legalmente inembargables ou desprovistos de valor de mercado ou cuxo custo de realización sería manifestamente desproporcionado respecto do seu previsible valor venal.

O informe porase de manifesto na oficina xudicial por quince días a todas as partes comparecidas.

A conclusión por insuficiencia de masa acordarase por auto. Se no prazo de audiencia concedido ás partes se formulase oposición á conclusión do concurso, daráselle a tramitación do incidente concursal.

4. Tamén se poderá acordar a conclusión por insuficiencia de masa no mesmo auto de declaración de concurso cando o xuíz aprecie de maneira evidente que o patrimonio do concursado non será presumiblemente suficiente para a satisfacción dos previsibles créditos contra a masa do procedemento nin é previsible o exercicio de acción de reintegración, de impugnación ou de responsabilidade de terceiros.

Contra este auto poderase interpor recurso de apelación.

5. Ata a data en que se dite o auto de conclusión do concurso, os acredores e calquera outro lexitimado poderán solicitar o restablecemento do concurso sempre que xustifiquen indicios suficientes para considerar que se poden exercer accións de reintegración ou acheguen por escrito feitos relevantes que puideren conducir á cualificación de concurso culpable e que xustifiquen o depósito ou consignación ante o xulgado dunha cantidade suficiente para a satisfacción dos créditos contra a masa previsibles. O depósito ou consignación poderase facer tamén mediante aval solidario de duración indefinida e pagadoiro ao primeiro requirimento emitido por entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca ou calquera outro medio que, ao xuízo do tribunal, garanta a inmediata dispoñibilidade da cantidade.

O secretario xudicial admitirá a trámite a solicitude se cumpre as condicións de tempo e contido establecidas nesta lei. Se entende que non concorren as condicións ou que non se emendaron, o secretario xudicial dará conta ao xuíz para que dite auto en que acepte ou denegue a solicitude. Unha vez restablecido o concurso, o instante estará lexitimado para o exercicio da acción de reintegración ou de impugnación; e canto ás custas e aos gastos observárase o disposto no artigo 54.4.»

Cento dous. Modifícase o artigo 178:

«Artigo 178. *Efectos da conclusión do concurso.*

1. En todos os casos de conclusión do concurso cesarán as limitacións das facultades de administración e disposición subsistentes sobre o debedor, salvo as que se conteñan na sentenza firme de cualificación ou do previsto nos capítulos seguintes.

2. Nos casos de conclusión do concurso por liquidación ou insuficiencia de masa activa, o debedor quedará responsable do pagamento dos créditos restantes. Os acredores poderán iniciar execucións singulares, mentres non se acorde a reapertura do concurso ou non se declare novo concurso. Para tales execucións, a inclusión do seu crédito na lista definitiva de acredores equipárase a unha sentenza de condena firme.

3. A resolución xudicial que declare a conclusión do concurso por liquidación ou por insuficiencia da masa activa do debedor persoa xurídica acordará a súa extinción e disporá a cancelación da súa inscrición nos rexistros públicos que corresponda. Para este efecto expedirase mandamento que conteña testemuño da resolución firme.»

Cento tres. Dáselle nova redacción ao artigo 179:

«Artigo 179. *Reapertura do concurso.*

1. A declaración de concurso de debedor persoa natural dentro dos cinco anos seguintes á conclusión doutro anterior por liquidación ou insuficiencia de masa activa terá a consideración de reapertura deste. O xuíz competente, desde que se coñeza esta circunstancia, acordará a incorporación ao procedemento en curso de todo o actuado no anterior.

2. A reapertura do concurso de debedor persoa xurídica concluído por liquidación ou insuficiencia de masa será declarada polo mesmo xulgado que coñeceu deste, tramitárase no mesmo procedemento e limitarase á fase de liquidación dos bens e dereitos aparecidos con posterioridade. A esta reapertura daráselle a publicidade prevista nos artigos 23 e 24 e procederase tamén á reapertura da folla rexistral na forma prevista no Regulamento do Rexistro Mercantil.

3. No ano seguinte á data da resolución de conclusión de concurso por insuficiencia de masa activa, os acredores poderán solicitar a reapertura do concurso coa finalidade de que se exerzan accións de reintegración, indicando as concretas accións que se deben iniciar ou achegando por escrito feitos relevantes

que puideren conducir á cualificación de concurso como culpable, salvo que se ditase sentenza sobre cualificación no concurso concluído.»

Cento catro. Modifícanse os puntos 3.º, 4.º e 5.º do artigo 183, que quedan redactados da seguinte forma:

«3.º A sección terceira comprenderá o relativo á determinación da masa activa, ás autorizacións para o alleamento de bens e dereitos da masa activa, á substanciación, decisión e execución das accións de reintegración e de redución e ás débedas da masa.

4.º A sección cuarta comprenderá o relativo á determinación da masa pasiva, á comunicación, recoñecemento, graduación e clasificación dos créditos concursais e ao pagamento dos acredores. Nesta sección incluíranse tamén, en peza separada, os xuízos declarativos contra o debedor que se acumulasen ao concurso de acredores e as execucións que se inicien ou prosigan contra o concursado.

5.º A sección quinta comprenderá o relativo ao convenio e á liquidación, incluídos o convenio anticipado e a liquidación anticipada.»

Cento cinco. Modifícase a rúbrica do título VIII:

#### «TÍTULO VIII

#### **Das normas procesuais xerais, do procedemento abreviado e do sistema de recursos»**

Cento seis. Modifícanse os números 5 e 6 do artigo 184:

«5. A administración concursal será oída sempre sen necesidade de comparecencia en forma, pero cando interveñan en incidentes ou recursos deberano facer asistidos de letrado. A dirección técnica destes incidentes e recursos entenderase incluída nas funcións do letrado membro da administración concursal.

6. O disposto neste artigo enténdese sen prexuízo do establecido para a representación e defensa dos traballadores na Lei de procedemento laboral, incluídas as facultades atribuídas aos graduados sociais e aos sindicatos para o exercicio de cantas accións e recursos sexan precisos no proceso concursal para a efectividade dos créditos e dereitos laborais, e das administracións públicas na normativa procesual específica.»

Cento sete. Dáselle nova redacción ao capítulo II do título VIII:

#### «CAPÍTULO II

#### **Do procedemento abreviado**

Artigo 190. *Ámbito de aplicación.*

1. O xuíz poderá aplicar o procedemento abreviado cando, á vista da información dispoñible, considere que o concurso non reviste especial complexidade, atendendo ás seguintes circunstancias:

- 1.º Que a lista presentada polo debedor inclúa menos de cincuenta acredores.
- 2.º Que a estimación inicial do pasivo non supere os cinco millóns de euros.
- 3.º Que a valoración dos bens e dereitos non alcance os cinco millóns de euros.

Cando o debedor sexa unha persoa natural, o xuíz valorará especialmente se responde ou é garante das débedas dunha persoa xurídica e se é administrador dalgunha persoa xurídica.

2. O xuíz poderá tamén aplicar o procedemento abreviado cando o debedor presente proposta anticipada de convenio ou unha proposta de convenio que inclúa unha modificación estrutural pola que se transmita integramente o seu activo e o seu pasivo.

3. O xuíz aplicará necesariamente o procedemento abreviado cando o debedor presente, xunto coa solicitude de concurso, un plan de liquidación que conteña unha proposta escrita vinculante de compra da unidade produtiva en funcionamento ou que o debedor cesase completamente na súa actividade e non tivese en vigor contratos de traballo.

4. O xuíz, de oficio, por requirimento do debedor ou da administración concursal, ou de calquera acreedor, poderá en calquera momento, á vista da modificación das circunstancias previstas nos números anteriores e atendendo á maior ou menor complexidade do concurso, transformar un procedemento abreviado en ordinario ou un procedemento ordinario en abreviado.

#### Artigo 191. *Contido.*

1. O administrador concursal deberá presentar o inventario de bens e dereitos da masa activa dentro dos 15 días seguintes ao da aceptación do cargo.

2. O administrador concursal deberá presentar o informe previsto no artigo 75 no prazo dun mes, contado a partir da aceptación do cargo. Razoadamente, poderalle solicitar ao xuíz unha prórroga que en ningún caso excederá os 15 días.

3. O administrador concursal practicará a comunicación prevista no artigo 95.1 polo menos 5 días antes da presentación da lista de acredores.

4. O secretario xudicial formará peza separada en que se tramitará o relativo ás impugnacións do inventario e da lista de acredores, e, o día seguinte, sen incoar incidente, dará traslado delas ao administrador concursal.

No prazo de 10 días, o administrador concursal comunicará ao xulgado se acepta a pretensión, incorporándoa aos textos definitivos, ou se se opón formalmente a ela, propondo pola súa vez a proba que considere pertinente.

Unha vez contestada a demanda ou transcorrido o prazo para iso, o proceso continuará conforme os trámites do xuízo verbal da Lei de axuízamento civil e será de aplicación o artigo 194.4 en todo aquilo que non se opoña ao previsto neste precepto.

Se houber máis dunha impugnación, acumularanse de xeito que se tramiten e resolvan nunha soa vista.

O administrador concursal deberá informar de inmediato o xuíz da incidencia das impugnacións sobre o quórum e as maiorías necesarias para aprobar o convenio.

Se as impugnacións afectaren menos do 20 por cento do activo ou do pasivo do concurso, o xuíz poderá ordenar a finalización da fase común e a apertura da fase de convenio ou liquidación, sen prexuízo do reflexo que as impugnacións poidan ter nos textos definitivos.

Imporanse as custas conforme o criterio do vencemento obxectivo, salvo que o xuíz aprecie, e así o razoe, a existencia de serias dúbidas de feito ou de dereito.

5. O prazo para a presentación de propostas ordinarias de convenio finalizará en todo caso 5 días despois da notificación do informe do administrador concursal.

Admitida a trámite a proposta de convenio, o secretario xudicial sinalará data para a xunta de acredores dentro dos 30 días hábiles seguintes.

6. Se no prazo previsto no número anterior non se presentase proposta de convenio, o secretario xudicial abrirá de inmediato a fase de liquidación e requirirá o administrador concursal para que presente o plan de liquidación no prazo improrrogable de dez días.

Unha vez aprobado o plan, as operacións de liquidación non poderán durar máis de tres meses, prorrogables, por petición da administración concursal, por un mes máis.



Artigo 191 bis. *Especialidades do procedemento abreviado en caso de solicitude de concurso con presentación de proposta de convenio.*

1. No auto de declaración de concurso o xuíz pronunciarase sobre a admisión a trámite da proposta de convenio presentada polo debedor coa súa solicitude.

O administrador concursal deberá avaliar a proposta de convenio presentada polo debedor, dentro do prazo de dez días contados desde a publicación da declaración de concurso.

2. A aceptación da proposta de convenio realizarase por escrito. Os acredores que non se adherisen antes á proposta de convenio presentada polo debedor, poderán facelo ata cinco días despois da data de presentación do informe do administrador concursal.

3. Dentro dos tres días seguintes a aquel en que finalizase o prazo para formular adhesións, o secretario xudicial verificará se a proposta de convenio alcanza a maioría legalmente exixida e proclamará o resultado mediante decreto.

Se a maioría resultase obtida, o xuíz, inmediatamente despois da expiración do prazo de oposición á aprobación xudicial do convenio, ditará sentenza aprobatoria, salvo que se formule oposición á dita aprobación ou proceda o seu rexeitamento de oficio.

Se houber oposición, o secretario xudicial, admitirá a demanda e o xuíz poderá requirirle ao impugnante que preste caución polos danos ou prexuízos que para a masa pasiva e activa do concurso poida supor a demora na aprobación do convenio.

Artigo 191 ter. *Especialidades do procedemento abreviado en caso de solicitude de concurso con presentación de plan de liquidación.*

1. Se o debedor tiver solicitado a liquidación de acordo co previsto no artigo 190.2, o xuíz acordará de inmediato a apertura da fase de liquidación.

2. Aberta a fase de liquidación, o secretario xudicial dará traslado do plan de liquidación presentado polo debedor para que o administrador concursal emita informe sobre el no prazo de dez días e para que os acredores poidan realizar alegacións.

O informe do administrador concursal deberá incluír necesariamente o inventario da masa activa do concurso e avaliar o efecto da resolución dos contratos sobre as masas activa e pasiva do concurso.

No auto polo cal se aprobe o plan de liquidación, o xuíz poderá acordar a resolución dos contratos pendentes de cumprimento por ambas as partes, con excepción daqueles que se vinculen a unha oferta efectiva de compra da unidade produtiva ou de parte dela.

3. En caso de se suspenderen as operacións de liquidación con motivo das impugnacións do inventario ou da lista de acredores, o xuíz poderá requirir os impugnantes para que presten unha caución que garanta os posibles danos e perdas pola demora.

Artigo 191 quáter. *Aplicación supletoria das normas do procedemento ordinario.*

En todo o non regulado expresamente neste capítulo aplicaranse as normas previstas para o procedemento ordinario.»

Cento oito. Modifícase o número 4 do artigo 194:

«4. Só se citarán as partes para a vista cando se presentase escrito de contestación á demanda, exista discusión sobre os feitos e estes sexan relevantes ao xuízo do xuíz, e se propuxesen nos escritos de alegacións medios de proba, logo de declaración da súa pertinencia e utilidade. Esta vista desenvolverase na forma prevista no artigo 443 da Lei de axuízamento civil para os xuízos verbais.

Noutro caso, o xuíz ditará sentenza sen máis trámites. O mesmo fará cando a única proba que resulte admitida sexa a de documentos, e estes xa se achegasen ao proceso sen resultar impugnados, ou cando só se achegasen informes periciais, e nin as partes nin o xuíz soliciten a presenza dos peritos no xuízo para a ratificación do seu informe.

En calquera dos supostos previstos no parágrafo anterior, se no escrito de contestación se formularon cuestións procesuais ou o demandante as suscitase á vista deste escrito no prazo de cinco días desde que se lle deu traslado del, o xuíz resolverá ditando a resolución que proceda conforme o disposto na Lei de axuizamento civil para a resolución escrita deste tipo de cuestións conforme o previsto na audiencia previa do xuízo ordinario. Se a decisión for a de continuar o proceso, ditará sentenza no prazo de dez días.»

Cento nove. Modifícanse os números 4, 5 e 6 do artigo 197:

«4. Contra os autos resolutorios de recursos de reposición e contra as sentenzas ditadas en incidentes concursais promovidos na fase común ou na de convenio non caberá recurso ningún, pero as partes poderán reproducir a cuestión na apelación máis próxima sempre que formulen protesta no prazo de cinco días. Para estes efectos, considerarase apelación máis próxima a que corresponda fronte á resolución de apertura da fase de convenio, a que acorde a apertura da fase de liquidación e a que aprobe a proposta anticipada de convenio. Exceptúanse as sentenzas ditadas nos incidentes a que se refire o artigo 72.4 e o artigo 80.2, que serán apelables directamente. Este recurso de apelación terá carácter preferente.

5. Contra as sentenzas que aproben o convenio, ou as que resolvan incidentes concursais presentados con posterioridade ou durante a fase de liquidación, caberá recurso de apelación que se tramitará con carácter preferente.

6. O xuíz do concurso, de oficio ou por instancia de parte, poderá acordar motivadamente ao admitir o recurso de apelación a suspensión daquelas actuacións que se poidan ver afectadas pola súa resolución. A súa decisión poderá ser revisada pola Audiencia Provincial por solicitude de parte formulada mediante escrito presentado ante aquela nos cinco días seguintes ao da notificación da decisión do xuíz do concurso; neste caso esta cuestión deberá ser resolta con carácter previo ao exame do fondo do recurso e dentro dos dez días seguintes ao da recepción dos autos polo tribunal, sen que contra o auto que se dite se poida interpor ningún recurso.

Se se solicitase a suspensión do convenio ao recorrer, o xuíz poderá acordala con carácter parcial.»

Cento dez. Modifícase o artigo 198, que queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 198. *Rexistro Público Concursal.*

1. O Rexistro Público Concursal levarase baixo a dependencia do Ministerio de Xustiza e constará de dúas seccións:

a) Na sección primeira, de edictos concursais, inseriranse, ordenadas por concursado e datas, as resolucións que se deban publicar conforme o previsto no artigo 23 e en virtude de mandamento remitido polo secretario xudicial.

b) Na sección segunda, de publicidade rexistral, faranse constar, ordenadas por concursado e datas, as resolucións rexistrais anotadas ou inscritas en todos os rexistros públicos de persoas referidos no artigo 24.1, 2 e 3, incluídas as que declaren concursados culpables ou acorden a designación ou inhabilitación dos administradores concursais e en virtude de certificacións remitidas de oficio polo encargado do rexistro unha vez practicado o correspondente asento.

2. A publicación das resolucións xudiciais ou dos seus extractos terá un valor simplemente informativo ou de publicidade notoria.

3. Regulamentariamente desenvolveranse a estrutura, o contido e o sistema de publicidade a través deste rexistro e os procedementos de inserción e acceso, baixo os principios seguintes:

1.º As resolucións xudiciais poderanse publicar en extracto, en que se recollan os datos indispensables para a determinación do contido e alcance da resolución con indicación dos datos rexistrables cando aquelas causasen anotación ou inscrición nos correspondentes rexistros públicos.

2.º A inserción das resolucións ou dos seus extractos realizarase, preferentemente, a través de mecanismos de coordinación co Rexistro Civil, o Rexistro Mercantil ou os restantes rexistros de persoas en que constar o concursado persoa xurídica, conforme os modelos que se aproben regulamentariamente.

3.º O rexistro deberá contar cun dispositivo que permita coñecer e acreditar fidedignamente o inicio da difusión pública das resolucións e información que se inclúan nel.

4.º O contido do rexistro será accesible de forma gratuíta pola internet ou por outros medios equivalentes de consulta telemática.»

Cento once. Introdúcese unha nova disposición adicional segunda bis, co seguinte contido:

«Disposición adicional segunda bis. *Réxime especial aplicable ás situacións de insolvencia das sociedades deportivas.*

Nos concursos de entidades deportivas que participen en competicións oficiais aplicaranse as especialidades que para as situacións concursais prevexa a lexislación do deporte e as súas normas de desenvolvemento. En todo caso, a suxeición a esta lei das ditas entidades non impedirá a aplicación da normativa reguladora da participación na competición.

O Goberno, dentro dos seis meses seguintes á entrada en vigor desta lei, deberalles remitir ás Cortes Xerais un proxecto de lei sobre especialidades do tratamento da insolvencia das sociedades e asociacións deportivas profesionais, cualificadas así pola Lei 10/1990, do 15 de outubro, do deporte, e dos créditos salariais dos seus deportistas.»

Cento doce. Modifícase a disposición adicional cuarta, que queda redactada como segue:

«Disposición adicional cuarta. *Homologación dos acordos de refinanciamento.*

1. Poderase homologar xudicialmente o acordo de refinanciamento que reúna as condicións do artigo 71.6 e fose subscrito por acredores que representen polo menos o setenta e cinco por cento do pasivo titularidade de entidades financeiras no momento da adopción do acordo. Pola homologación xudicial os efectos da espera pactada para as entidades financeiras que o subscribisen esténdense ás restantes entidades financeiras acreedoras non participantes ou disidentes cuxos créditos non estean dotados de garantía real.

2. A competencia para coñecer desta homologación corresponderalle ao xuíz do mercantil que, de ser o caso, for competente para a declaración do concurso.

A solicitude deberá ser formulada polo debedor e irá acompañada do acordo de refinanciamento adoptado e do informe emitido polo experto. Na mesma solicitude poderase solicitar a paralización de execucións singulares.

O secretario xudicial, examinada a solicitude de homologación, ditará decreto en que a admitirá a trámite e, no caso de ser solicitada, declarará a paralización

das execucións singulares ata a homologación e, en todo caso, por un prazo máximo dun mes. Non obstante, daralle conta ao xuíz para que resolva sobre a admisión cando considere a falta de competencia ou a existencia dun defecto formal e non o emendase o promotor no prazo concedido para iso, que non poderá exceder un mes. O secretario xudicial ordenará a publicación do decreto no Rexistro Público Concursal por medio dun anuncio que conterá os datos que identifiquen o debedor, o xuíz competente, o número de expediente rexistral de nomeamento de experto e do procedemento xudicial de homologación, a data do acordo de refinanciamento e os efectos da espera que nel se conteñen, coa indicación de que o acordo está á disposición dos acredores no Rexistro Mercantil competente onde se depositase para a súa publicidade, mesmo telemática, do seu contido.

3. O xuíz outorgará a homologación sempre que o acordo reúna os requisitos previstos no número primeiro e non supoña un sacrificio desproporcionado para as entidades financeiras acreedoras que non o subscribiron.

Na homologación o xuíz, logo de ponderación das circunstancias concorrentes, poderá declarar subsistente a paralización de execucións promovidas polas entidades financeiras acreedoras durante o prazo de espera previsto no acordo de refinanciamento, que non poderá superar os tres anos.

A resolución pola cal se aprobe a homologación do acordo de refinanciamento adoptarase mediante trámite de urxencia no máis breve prazo posible e publicarase mediante anuncio no Rexistro Público Concursal e no «Boletín Oficial del Estado», por medio dun extracto que conterá os datos previstos no parágrafo terceiro do número dous anterior.

4. Dentro dos quince días seguintes ao da publicación, os acredores afectados pola homologación xudicial que non prestasen o seu consentimento poderán impugnalas. Os motivos da impugnación limitaranse exclusivamente á concurrencia da porcentaxe exixida para a homologación e á valoración da desproporción do sacrificio exixido. Todas as impugnacións se tramitarán conxuntamente polo procedemento do incidente concursal e darase traslado de todas elas ao debedor e ao resto dos acredores que son parte no acordo de refinanciamento para que se poidan opor á impugnación. A sentenza que resolva sobre a impugnación da homologación non será susceptible de recurso de apelación e daráselle a mesma publicidade prevista para a resolución de homologación.

5. Os efectos da homologación do acordo de refinanciamento prodúcense en todo caso e sen posibilidade de suspensión desde o día seguinte a aquel en que se publique a sentenza no «Boletín Oficial del Estado». En todo caso, as entidades financeiras acreedoras afectadas pola homologación manterán os seus dereitos fronte aos obrigados solidariamente co debedor e fronte aos seus fiadores ou avalistas, que non poderán invocar nin a aprobación do acordo de refinanciamento nin os efectos da homologación en prexuízo daqueles.

6. En caso de non cumprir o debedor os termos do acordo de refinanciamento, calquera acredor, adherido ou non a el, poderá solicitar, ante o mesmo xuíz que o homologase, a declaración do seu incumprimento, a través dun procedemento equivalente ao incidente concursal, do cal se dará traslado ao debedor e a todos os acredores comparecidos para que se poidan opor a ela.

Declarado o incumprimento, os acredores poderán instar a declaración de concurso ou iniciar as execucións singulares. A sentenza que resolva o incidente non será susceptible de recurso de apelación.

7. Solicitada unha homologación, o mesmo debedor non poderá solicitar outra no prazo dun ano.»

Cento trece. Engádese unha nova disposición adicional quinta, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional quinta. *Escrituras públicas de formalización de acordos de refinanciamento.*

Para o cálculo dos honorarios notariais da escritura pública de formalización dos acordos de refinanciamento a que se refiren o artigo 71.6 e a disposición adicional cuarta aplicaranse os aranceis correspondentes aos “documentos sen contía” previstos no número 1 do Real decreto 1426/1989, do 17 de novembro, polo que se aproba o arancel dos notarios. Os folios de matriz da escritura e das primeiras copias que se expidan non xerarán ningunha cantidade a partir do décimo folio inclusive.»

Cento catorce. Engádese unha nova disposición adicional sexta, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional sexta. *Grupo de sociedades.*

Para os efectos desta lei, entenderase por grupo de sociedades o disposto no artigo 42.1 do Código de comercio.»

Cento quince. O punto 2.º do artigo 13 do Código de comercio, cuxa redacción se contén no número 1 da disposición derradeira segunda, pasa a ter a seguinte redacción:

«2.º As persoas que sexan inhabilitadas por sentenza firme conforme a Lei concursal mentres non conclúese o período de inhabilitación. De autorizarse o inhabilitado a continuar á fronte da empresa ou como administrador da sociedade concursada, os efectos da autorización limitaranse ao especificamente previsto na resolución xudicial que a conteña.»

Cento dezaseis. Modifícase o número 7 da disposición derradeira terceira, de reforma da Lei de axuizamento civil:

«7. O número 2 do artigo 568 pasa a ter a seguinte redacción:

«2. O secretario xudicial decretará a suspensión da execución no estado en que se atope en canto conste no procedemento a declaración do concurso. O inicio da execución e a continuación do procedemento xa iniciado que se dirixa exclusivamente contra bens hipotecados e pignorados estarán suxeitos a canto establece a Lei concursal.»»

Cento dezasete. Modifícase a disposición derradeira décimo primeira, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Disposición derradeira décimo primeira. *Modificación da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.*

1. O número 2 do artigo 77 quedará redactado da forma seguinte:

“2. No proceso concursal, os créditos tributarios quedarán sometidos ao establecido na Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal.”

2. O artigo 164 terá a seguinte redacción:

“Artigo 164. *Concurrencia de procedementos.*

1. Sen prexuízo do respecto á orde de prelación que para o cobramento dos créditos vén establecido pola lei en atención á súa natureza, en caso de concurrencia do procedemento de constrinximento para a recadación dos tributos

con outros procedementos de execución, xa sexan singulares ou universais, xudiciais ou non xudiciais, a preferencia para a execución dos bens trabados no procedemento virá determinada consonte as seguintes regras:

1.º Cando concorran con outros procesos ou procedementos singulares de execución, o procedemento de constrinximento será preferente se o embargo efectuado no curso do procedemento de constrinximento for o máis antigo.

2.º Cando concorran con outros procesos ou procedementos concursais ou universais de execución, o procedemento de constrinximento será preferente para a execución dos bens ou dereitos embargados nel, sempre que o embargo acordado nel se efectuase con anterioridade á data de declaración do concurso.

Para ambos os casos, observarase a data da dilixencia de embargo do ben ou dereito.

2. En caso de concurso de acredores, aplicarase o disposto na Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal, e, de ser o caso, na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, sen que iso impida que se dite a correspondente providencia de constrinximento e se xeren as recargas do período executivo de se daren as condicións para iso con anterioridade á data de declaración do concurso ou ben se trate de créditos contra a masa.

3. Os xuíces e tribunais colaborarán coa Administración tributaria facilitándolles aos órganos de recadación os datos relativos a procesos concursais ou universais de execución que precisen para o exercicio das súas funcións.

Así mesmo, terá este deber de colaboración, respecto dos seus procedementos, calquera órgano administrativo con competencia para tramitar procedementos de execución.

4. O carácter privilexiado dos créditos tributarios outórgalle á Facenda pública o dereito de abstención nos procesos concursais. Non obstante, a Facenda pública poderá subscribir no curso destes procesos os acordos ou convenios previstos na lexislación concursal, así como acordar, de conformidade co debedor e coas garantías que se consideren oportunas, unhas condicións singulares de pagamento, que non poden ser máis favorables para o debedor que as recollidas no convenio ou acordo que poña fin ao proceso xudicial. Este privilexio poderase exercer nos termos previstos na lexislación concursal. Igualmente poderá acordar a compensación deses créditos nos termos previstos na normativa tributaria.

Para a subscripción e celebración dos acordos e convenios a que se refire o parágrafo anterior requirirase unicamente a autorización do órgano competente da Administración tributaria.»»

Cento dezaquito. Engádese unha nova disposición derradeira décimo primeira bis coa seguinte redacción:

«Disposición derradeira décimo primeira bis. *Reforma da Lei do imposto sobre o valor engadido.*

A Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, queda modificada nos seguintes termos:

1. Introdúceselle unha letra e) ao artigo 84.1.2.º, co seguinte teor:

“e) Cando se trate de entregas de bens inmoables efectuadas como consecuencia dun proceso concursal.”

2. A disposición adicional sexta pasa a ter a seguinte redacción:



“Disposición adicional sexta. *Procedementos administrativos e xudiciais de execución forzosa.*

Nos procedementos administrativos e xudiciais de execución forzosa, os adxudicatarios que teñan a condición de empresario ou profesional para os efectos deste imposto están facultados, en nome e por conta do suxeito pasivo, e con respecto ás entregas de bens e prestacións de servizos suxeitas a el que se produzan naqueles, para:

1.º Expedir a factura en que se documente a operación e se repercuta a cota do imposto, presentar a declaración-liquidación correspondente e ingresar o importe do imposto resultante.

2.º Efectuar, de ser o caso, a renuncia ás exencións previstas no artigo 20.2.

Regulamentariamente determinaranse as condicións e os requisitos para o exercicio destas facultades.

O disposto nesta disposición non se aplicará ás entregas de bens inmoables en que o suxeito pasivo delas sexa o seu destinatario de acordo co disposto na letra e) do artigo 84.1.2.º ”»

Cento dezanove. Engádesse unha nova disposición derradeira décimo primeira ter, coa seguinte redacción:

«Disposición derradeira décimo primeira ter. *Modificación da Lei 20/1991, do 7 de xuño, de modificación dos aspectos fiscais do réxime económico-fiscal de Canarias.*

Engádeselle unha nova letra g) ao artigo 19.1.2.º da Lei 20/1991, do 7 de xuño, de modificación dos aspectos fiscais do réxime económico-fiscal de Canarias, que queda redactada da seguinte maneira:

“g) Cando se trate de entregas de bens inmoables efectuadas como consecuencia dun proceso concursal.”»

Cento vinte. Engádeselle un novo número 3 á disposición derradeira décimo cuarta (modificación do Estatuto dos traballadores), coa seguinte redacción:

«3. Modifícase o número 3 do artigo 33, que pasa a ter a seguinte redacción:

“3. En caso de procedementos concursais, desde o momento en que se teña coñecemento da existencia de créditos laborais ou se presuma a posibilidade da súa existencia, o xuíz, de oficio ou por instancia de parte, citará o Fogasa, sen cuxo requisito non asumirá este as obrigas sinaladas nos números anteriores. O Fondo comparecerá no expediente como responsable legal subsidiario do pagamento dos citados créditos e poderá instar o que ao seu dereito conveña e sen prexuízo de que, unha vez realizado, continúe como acredor no expediente. Para os efectos do aboamento polo Fogasa das cantidades que resulten recoñecidas a favor dos traballadores, teranse en conta as regras seguintes:

Primeira.

Sen prexuízo dos supostos de responsabilidade directa do organismo nos casos legalmente establecidos, o recoñecemento do dereito á prestación exixirá que os créditos dos traballadores aparezan incluídos na lista de acredores ou, se é o caso, recoñecidos como débedas da masa polo órgano do concurso competente para iso en contía igual ou superior á que se solicita do Fogasa, sen prexuízo da obriga daqueles de reducir a súa solicitude ou de lle reembolsar ao Fogasa a cantidade que corresponda cando a contía recoñecida na lista definitiva for inferior á solicitada ou á xa percibida.

Segunda.

As indemnizacións que se van aboar a cargo do Fogasa, con independencia do que se poida pactar no proceso concursal, calcularanse sobre a base de vinte días por ano de servizo, co límite máximo dunha anualidade, sen que o salario diario, base do cálculo, poida exceder o triplo do salario mínimo interprofesional, incluíndo a parte proporcional das pagas extraordinarias.

Terceira.

No suposto de que os traballadores perceptores destas indemnizacións soliciten do Fogasa o aboamento da parte de indemnización non satisfeita polo empresario, o límite da prestación indemnizatoria a cargo do fondo reducirase na cantidade xa percibida por aqueles.»»

Cento vinte e un. Modifícase o número 2 da disposición derradeira décimo sexta, de reforma da Lei xeral da Seguridade Social, á cal se lle engade tamén un novo número 5:

«2. O artigo 24 queda redactado da forma seguinte:

«Artigo 24. *Transaccións sobre os dereitos da Seguridade Social.*

Non se poderá transixir xudicial nin extraxudicialmente sobre os dereitos da Seguridade Social nin someter a arbitraje as contendas que se susciten respecto deles senón mediante real decreto acordado en Consello de Ministros, logo de audiencia do Consello de Estado.

O carácter privilexiado dos créditos da Seguridade Social outórgalle á Tesouraría Xeral da Seguridade Social o dereito de abstención nos procesos concursais. Non obstante, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social poderá subscribir no curso destes procesos os acordos ou convenios previstos na lexislación concursal, así como acordar, de conformidade co debedor e coas garantías que se consideren oportunas, unhas condicións singulares de pagamento, que non poden ser máis favorables para o debedor que as recollidas no convenio ou acordo que poña fin ao proceso xudicial.»

«5. O número 3 do punto primeiro do artigo 208 queda redactado da seguinte forma:

“3. Cando se reduza temporalmente a xornada ordinaria diaria de traballo, en virtude de expediente de regulación de emprego ou de resolución xudicial adoptada no seo dun proceso concursal, nos termos do artigo 203.3.”»

Cento vinte e dous. Dáselle nova redacción á disposición derradeira trixésima:

«Disposición derradeira trixésima. *Reforma da Lei de navegación aérea.*

Engádense dous novos parágrafos ao final do artigo 133 da Lei 48/1960, do 21 de xullo, sobre normas reguladoras de navegación aérea, como parágrafos terceiro e cuarto, coa seguinte redacción:

“Os privilexios e a orde de prelación establecidos nos números anteriores rexerán unicamente nos supostos de execución singular.

En caso de concurso, o dereito de separación da aeronave previsto na Lei concursal recoñeceráselles aos titulares dos créditos privilexiados comprendidos nos números 1.º ao 5.º do punto primeiro.”»

#### **Disposición adicional única.**

O Goberno deberá remitirlles ás Cortes Xerais, no prazo de seis meses, un informe sobre a aplicación e os efectos do conxunto de medidas adoptadas para mellorar a

situación das persoas físicas e familias que se encontran en dificultades para satisfacer as súas obrigas, e especialmente as garantidas con hipoteca.

Ese informe incluírá a posible adopción doutras medidas, tanto substantivas como procedementais que, a través das oportunas iniciativas, completen a protección económica e social de consumidores e familias. Para tal efecto, poderanse propor opcións de solución extraxudicial para estes casos, sexan de carácter notarial ou rexistral, de mediación ou doutra natureza.

**Disposición transitoria primeira.** *Réxime xeral.*

1. Esta lei aplicarase ás solicitudes que se presenten e concursos que se declaren a partir da súa entrada en vigor.

2. Polo contrario, serán de aplicación inmediata en relación cos concursos en tramitación no momento da entrada en vigor desta lei, o disposto nos artigos 9.2, 84.3, 4 e 5, a disposición adicional segunda bis, a disposición adicional sexta, a disposición derradeira décimo primeira bis, a disposición derradeira décimo primeira ter, o número 3 da disposición derradeira décimo cuarta, o número 2 da disposición derradeira décimo sexta, a disposición derradeira trixésima, os artigos 154, 155.4, 156, 157.1, 163, así como o número 7 da disposición derradeira terceira da Lei concursal, modificados por esta lei.

**Disposición transitoria segunda.** *Administración concursal.*

1. Os artigos 27, 27 bis, 28.2, 3 e 4, 29.1, 2, 4, 5 e 6, 30.1 parágrafo segundo, 31 e 32.1 da Lei concursal, modificados por esta lei, serán de aplicación aos concursos solicitados con anterioridade á data da súa entrada en vigor, nos cales aínda non se procedese ao nomeamento de administrador concursal.

2. Os artigos 35.2 e 3 e 43.2 e 3 da Lei concursal, modificados por esta lei, serán de aplicación aos concursos en tramitación na data da súa entrada en vigor.

3. O artigo 75.2 da Lei concursal, modificado por esta lei, será de aplicación aos concursos en tramitación en que aínda non presentase o informe a administración concursal.

**Disposición transitoria terceira.** *Institutos preconcursais.*

1. Os artigos 5 bis, o artigo 15.3 e 22.1, así como a disposición adicional cuarta da Lei concursal, modificados por esta lei, aplicaranse a partir da data da súa entrada en vigor.

2. Os números 6 e 7 do artigo 71 e a nova disposición adicional quinta da Lei concursal, modificados por esta lei, serán de aplicación para os acordos de refinanciamento que se subscriban a partir da data da súa entrada en vigor.

A restrición na lexitimación activa que introduce o artigo 72.2 da Lei concursal, modificado por esta lei, será de aplicación nos concursos en tramitación, para o exercicio das accións que non fosen obxecto de requirimento previo nos termos do artigo 71.1 da Lei concursal.

**Disposición transitoria cuarta.** *Comunicación, recoñecemento e clasificación de créditos.*

1. Os artigos 23.1 parágrafo segundo, 29.4 e 6, e o artigo 85.2, 3 e 4 da Lei concursal, modificados por esta lei, aplicaranse aos concursos en tramitación na data da súa entrada en vigor, se na dita data aínda non se publicase no «Boletín Oficial del Estado» o anuncio do artigo 23 da Lei concursal.

2. Os artigos 49, 84 –salvo os novos números 3, 4 e 5–, 86.2, 3 e 4, 90.1, 91, números 1.º, 3.º, 5.º, 6.º e 7.º, 92, números 1.º, 3.º e 5.º, 93.2.3.º e 94.4 da Lei concursal, modificados por esta lei, para os efectos da clasificación dos créditos afectados, así como para os efectos procedementais o disposto nos artigos 94.4, 95.1 e 96.4 e 5 da Lei concursal, modificados por esta lei, aplicaranse aos concursos en tramitación, ao tempo

da data da súa entrada en vigor, nos cales a administración concursal aínda non presentase o informe. Para tal fin, e para os ditos procedementos, a entrada en vigor desta lei constitúe circunstancia extraordinaria que posibilita a ampliación xudicial do prazo previsto para a emisión de informe nos termos do sinalado no artigo 74 da Lei concursal.

3. Os artigos 87.8, 96 bis, 97.1, 3 e 4, 97 bis e 97 ter da Lei concursal, modificados por esta lei, aplicaranse aos concursos en tramitación, cando os textos definitivos non se presentasen.

#### **Disposición transitoria quinta.** *Convenio.*

Os artigos 100.3, 101.2, 102, 115 bis. 1, 2 e 5, 122.1.2.º, 124, 128.3, 129.2, 131.1 e 3 e 133 da Lei concursal, modificados por esta lei, aplicaranse ás propostas de convenio que se presenten, tramiten ou voten a partir da data da súa entrada en vigor, así como para substanciar a oposición e, se for o caso, determinar a eficacia das que a partir dese momento sexan aprobadas.

#### **Disposición transitoria sexta.** *Liquidación.*

Os artigos 142, o punto 3.º do número 1 do artigo 143, o artigo 144, os números 2 e 3 do artigo 145, os números 1, 2 e 4 do artigo 148, a regra 2.ª do número 1 e o novo número 3 do artigo 149 e o artigo 152 da Lei concursal, modificados por esta lei, aplicaranse aos concursos en tramitación na data da súa entrada en vigor, nos cales non se iniciase a liquidación ordinaria ou anticipada.

#### **Disposición transitoria sétima.** *Aspectos laborais.*

1. O novo parágrafo do punto 2.º do artigo 8, o novo número 4 do artigo 44, o artigo 64 e o artigo 149.1.2.ª da Lei concursal, modificados por esta lei, serán de aplicación aos procedementos concursais que se encontren en curso na data da súa entrada en vigor, para a tramitación do expediente e adopción das medidas que se soliciten desde entón e supoñan a extinción, suspensión ou modificación colectiva dos contratos de traballo.

2. A partir da data de entrada en vigor desta lei, o novo artigo 65.1 da Lei concursal será de aplicación para resolver as controversias suscitadas de cara á extinción ou suspensión dos contratos do persoal de alta dirección nos concursos en tramitación.

#### **Disposición transitoria oitava.** *Concursos conexos.*

Os artigos 25 bis e 25 ter da Lei concursal, modificados por esta lei, serán de aplicación aos concursos en tramitación na data da súa entrada en vigor, sempre que en ningún deles se aprobasen os textos definitivos, a lista de acredores e o inventario.

#### **Disposición transitoria novena.** *Efectos do concurso respecto das accións individuais e dos créditos en particular.*

1. Os novos números 2 e 5 do artigo 56, o artigo 58 e o novo número 3 do artigo 76 da Lei concursal, modificados por esta lei, así como o novo número 2 da disposición derradeira décimo primeira, que lle dá nova redacción ao artigo 164 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, aplicaranse aos concursos en tramitación na data de entrada en vigor desta lei respecto das execucións que, respectivamente, non se reabrisen ou iniciasen tras a declaración de concurso.

2. Os artigos 58 e 59 bis da Lei concursal, na súa redacción dada por esta lei, aplicaranse aos concursos en tramitación na data da súa entrada en vigor nos cales non fose presentado o informe.

**Disposición transitoria décima. Cualificación concursal.**

1. O novo número 1 do artigo 164, así como os artigos 167 e 168, os números 2 e 3 do artigo 172 e o artigo 172 bis da Lei concursal, modificados por esta lei, serán de aplicación aos procedementos concursais en tramitación, nos cales non se acordase a formación da sección de cualificación na data da súa entrada en vigor.

2. O novo punto 2.º do artigo 13 do Código de comercio, que contén o número 1 da disposición derradeira segunda da Lei concursal, na súa redacción dada por esta lei, aplicarase ás sentenzas de cualificación que se ditén a partir da data da súa entrada en vigor.

**Disposición transitoria décimo primeira. Conclusión do concurso.**

O artigo 176 e o 176 bis –coa excepción do seu número 4–, así como os artigos 178 e 179 da Lei concursal, modificados por esta lei, comezaranse a aplicar aos concursos en tramitación na data da súa entrada en vigor.

**Disposición transitoria décimo segunda. Procedemento abreviado.**

Os números 5 e 6 do artigo 184 e os artigos 190, 191, 191 bis, 191 ter e 191 quáter da Lei concursal, modificados por esta lei, serán de aplicación nos procedementos concursais que se inicien a partir da data da súa entrada en vigor.

**Disposición transitoria décimo terceira. Réxime de recursos.**

Os números 4, 5 e 6 do artigo 197 da Lei concursal, modificados por esta lei, aplicaranse nos recursos que se promovan fronte a resolucións que se ditén a partir da data da súa entrada en vigor.

**Disposición derogatoria única. Derogación de normas.**

Quedan derogados os seguintes artigos da Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal:

O número 5 do artigo 3.

O número 3 do artigo 5.

O número 4 do artigo 6.

O artigo 98.

O artigo 142 bis.

O número 7 da disposición derradeira segunda, que lle engade un novo parágrafo ao final do artigo 580 do Código de comercio.

**Disposición derradeira primeira. Referencias á administración concursal.**

As referencias na Lei concursal aos «administradores concursais» substituiranse pola fórmula «a administración concursal».

**Disposición derradeira segunda. Título competencial.**

Esta lei dítase ao abeiro do título competencial atribuído ao Estado no artigo 149.1.6.ª da Constitución española, en materia de lexislación mercantil e lexislación procesual.

**Disposición derradeira terceira. Entrada en vigor.**

1. Esta lei entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2012.

2. Malia o anterior, os números un (artigo 5 bis da Lei concursal), dez (artigo 15 da Lei concursal), cincuenta (artigo 71.6 e 7 da Lei concursal), cincuenta e sete (artigo 84.2.11.º exclusivamente), sesenta e dous (artigo 91.6.º exclusivamente) e cento doce

(disposición adicional cuarta da Lei concursal) do artigo único desta lei entrarán en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 10 de outubro de 2011.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO